

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 10 Xuño 2011
Exemplar gratuíto



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

CARLOS VARELA,
fiscal xefe
do Tribunal Superior
de Xustiza de Galicia

**«Se os datos o
avalan, Santiago
debe ter un
novo xulgado
contencioso»**

SAN RAIMUNDO



COLABORACIÓNS

A adquisición das servidumes de
paso á luz do dereito civil de Galicia
Tributos e depósitos para o
exercicio da potestade xurisdiccional
Panorámica breve sobre a aplicación
procesual do Dereito estranxeiro

ENTREVISTA



Esther Seoane,
directora
da cocíña
económica

NOVAS AVOGACÍA

O Colexio de Avogados
de Santiago implanta
o sistema SIGA
A lei de axilización procesual
«recorta os dereitos
dos cidadáns»

Ahora precios exclusivos...

CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN



CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN

Solicita gratuitamente en nuestros establecimientos tu tarjeta **CLUB 10** por pertenecer al Colexio de Avogados de Santiago de Compostela y benefícate de precios exclusivos en nuestros servicios de tintorería y arreglos textiles.



TINTORERÍA RÁPIDA
CLEAN & CLEAN
CUIDAMOS TUS PRENDAS

C.C. Area central L-21h. Tel.: 981 57 22 44
c/ Doutor Teixeira 27. Tel.: 981 56 09 18

STITCH
retoques de calidad



Avogacía Compostelá

Dirección

Evaristo Nogueira Pol



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán
Telf.: 981 581 713
st.gerente@icasantiago.org



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Consello de redacción



Timoteo Gutiérrez Valerio

M.ª Luisa Pasín Mato



Patricia López Arnos

Javier Sánchez-Agustino



Noemí Peteiro Pereda

Paulo López Porto



José R. Oulego Erroz

M.ª del Mar Vivero Vizoso



Javier Constenla Vega

Manuel F. Martín García



Adrián López López



www.icasantiago.org

Sumario

Editorial	4
 Novas de avogacía	5
Entrevistas	
 Carlos Varela, fiscal xefe do TSXG	8
 Esther Seoane, directora da cociña económica	13
Colaboracións	
Ramón Méndez Tojo	16
Víctor Andrés García Dopico	18
Javier Maseda Rodríguez	20
Vida colexial	
 Celebración de San Raimundo de Peñafort	22
Sistema Integral de Xestión da Avogacía (SIGA)	26
Circulares informativas e novidades legislativas	27
Convenios	28
Tribuna aberta	29
Ao pé da letra	30
Biblioteca	34
 Opinan de nós	36
 Ocio	38
O Colexio nos medios	42

Co patrocinio de:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Depósito Legal: C-3778-2007

Deseño e Maquetación: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non sei fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.

Estimados compañeiros/as:



Evaristo Nogueira Pol
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Existe preocupación entre a avogacía sobre o feito de que no momento da detención dunha persoa, esta poida prolongarse en moitas ocasións ata as setenta e dúas horas previstas no artigo 17.2 da CE e no 520 bis da LACrim. Ben que é certo o prazo sinalado neses artigos, tamén o é que, segundo a doutrina consolidada do Tribunal Constitucional, as detencións teñen que durar o tempo necesario para efectuar as dilixencias necesarias, sen que quede ao libre arbitrio do xulgador o tempo en que alguén debe estar detido. Entre outras, a STC 23/2004 do 23 de febreiro, ou a STC 250/2006 do 24 de xullo, que sinala: «poden cualificarse de privacións de liberdade ilegais, en canto indebidamente prolongadas ou mantidas, aquelas que, aínda sen superar o indicado límite máximo, superen o tempo indispensable para realizar as oportunas pescudas dirixidas ao esclarecemento do feito delituoso que se lle imputa ao detido, pois en tal caso opera unha restrición do dereito fundamental á liberdade persoal que a norma constitucional non consente».

É por iso polo que os avogados debemos ter especialmente coidado do cumprimento da citada xurisprudencia e doutrina e, en consecuencia, permanecemos vixiantes ante aqueles abusos que se poidan producir e, se procede, articular os oportunos *habeas corpus*.

Noutra orde de cousas, e como xa vos informamos mediante circular, a avogacía institucional está a facer presión para que se modifiquen determinados preceptos da lei de axilización procesual, que consideramos totalmente inxustos e prexudiciais para a cidadanía ao limitar importantes dereitos.

Canto á situación dos xulgados contencioso-administrativos na nosa cidade, cómpre informaros de que seguen as conversas coas diferentes administracións para que o vindeiro ano sexa unha realidade a creación do xulgado número tres. Todo isto co fin de evitar a situación actual de carga dos xulgados existentes, que consideramos insostible.

No peche desta edición, e á marxe das resolucións xudiciais pendentes, agroma unha nova composición política no Concello de Santiago. Dende estas liñas quero agradecerlle ao alcalde saínte, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, a cooperación que mantivo sempre co Colexio de Avogados de Santiago, agardando que esa colaboración siga materializándose co novo goberno municipal.

Remato desexándovos a todos e a todas un bo verán, que seguro que é ben merecido.

Evaristo Nogueira Pol
Decano

O Colexio de Avogados de Santiago considera que a lei de axilización procesual «recorta os dereitos dos cidadáns»

A xunta directiva do Colexio de Avogados de Santiago considera que o proxecto de lei de medidas de axilización procesual “recorta os dereitos dos cidadáns”. A súa aplicación, segundo os letrados composteláns, “porá en risco” o acceso á tutela xudicial efectiva.

O proxecto lexislativo do Goberno central, aprobado en Consello de Ministros, propón que as sentenzas en xuízos verbais nos que o asunto de litixio non supere os 6.000 euros sexan firmes, é dicir, non se poderá recorrer ante a Audiencia Provincial co obxectivo de non saturar a segunda instancia, segundo o Executivo.

“Non se pode reducir a saturación dunha Audiencia Provincial a custa de limitar os dereitos fundamentais dos cidadáns; os avogados teñen, ademais, a obriga legal de interpoñer os recursos que sexan necesarios e estean previstos nas leis en defensa dos intereses de calquera persoa”, defende Evaristo Nogueira, decano dos letrados composteláns e adxunto á Presidencia do Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE).

Segundo Nogueira, “entre un 20% e un 30% das sentenzas revóganse e a nova lei pode disuadir boa parte dos cidadáns, sobre todo a aqueles con recursos económicos limitados, de acudir á Xustiza para a defensa dos seus dereitos”. Para o decano dos avogados de Santiago de Compostela, “o acceso aos recursos de apelación é un dereito e unha garantía” para solucionar os posibles erros da Xustiza de primeira instancia”.

A xunta directiva do Colexio de Avogados de Santiago defende a adopción de medidas que sirvan para reducir os prazos en calquera tipo de proceso xurídico, pero “en ningún caso” as apoiará se con elas se produce “unha mingua” nos dereitos fundamentais dunha persoa.

PALABRAS IMPROCEDENTES

Ao igual que o presidente do Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE), Carlos Carnicer, Nogueira lamenta por “improcedentes e impropias” as declaracións realizadas polo vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), José Manuel Gómez Benítez, quen acusou a avogacía española de “torpedear” os cambios lexislativos debido a “intereses” que ao seu xuízo son “corporativos e económicos”.

“Non se axusta en absoluto á realidade; o único interese que move a avogacía é a defensa dos dereitos dos cidadáns e dos principios básicos sobre os que se estrutura o Estado de Dereito xa que, de non o facer, incorreríamos en responsabilidades civís e disciplinarias”, concluíu Nogueira.

O Supremo sentencia que Negreira, Padrón, Ordes e Arzúa pertencen ao Colexio de Avogados de Santiago

Unha sentenza do pasado 13 de abril do Tribunal Supremo pecha definitivamente a disputa entre os colexios de avogados de Santiago e A Coruña e ratifica que os letrados en exercicio nos partidos xudiciais de Negreira, Padrón, Arzúa e Ordes pertencen á demarcación compostelá.

En concreto, o Supremo rexeita o recurso de casación interposto polo Colexio de Avogados da Coruña contra unha sentenza de maio de 2007, na que o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (TSXM) xa daba a razón ao colexio compostelán. Segundo o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira, “ao entender o Supremo que non procede o recurso de casación, ponse punto final a unha reivindicación pola que levamos moitos anos loitando”.

No Estatuto xeral da avogacía de 2001 indícase que “nas provincias con varios colexios de avogados, cada un deles terá competencia exclusiva e excluínte no ámbito territorial que tiña ao promulgarse a Constitución de 1978, calquera que sexa o número de partidos xudiciais que agora comprenda”. Este artigo supoñía na práctica que Negreira, Padrón, Ordes e Arzúa debían pertencer ao Colexio de Avogados de Santiago.

O caso trasladárase máis tarde ao Consello Xeral da Avogacía Española, xa que o colexio coruñés presentou alegacións ao acordado no citado Estatuto de 2001. Finalmente, déuselle a razón a Santiago, polo que o Colexio de Avogados da Coruña recorreu ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid. Agora, o veredicto do Supremo pon fin ás dúbidas e reconece os dereitos do Colexio de Avogados de Santiago.

Segundo o decano compostelán, as relacións entre os colexios de Santiago e A Coruña atravesan actualmente unha etapa de cordialidade e colaboración absoluta. De feito, tanto Evaristo Nogueira como o decano coruñés, Antonio Platas, foron elixidos o pasado mes de febreiro adxuntos á presidencia do Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE).

Xornada sobre o futuro das pensións públicas e privadas

Ante o panorama incerto debuxado sobre o futuro das pensións públicas, con base na deriva demográfica e a reducida taxa de natalidade, a Mutualidade da Avogacía organizou, o pasado 31 de marzo, en colaboración coa Asociación de Comunicadores e Informadores Jurídicos ACIJUR, a VI Xornada Financeira dedicada a debater sobre o futuro das pensións públicas e privadas.

A sesión contou coas intervencións de Juan Morano, presidente da Comisión do Pacto de Toledo; Carlos Suárez, vogal da Comisión Executiva da Mutualidade e Francisco de Blas, subdirector xeral de Plans e Fondos de Pensións da Dirección Xeral de Seguros, quen clausurou a xornada e achegou a visión do órgano de control.

Como moderador participou Xavier Gil-Pecharromán, presidente de ACIJUR, que tivo que modular o debate formulado polos mutualistas asistentes.

Na súa intervención, Juan Morano resaltou a utilidade do Pacto de Toledo dentro da armazón lexislativa que integra o Dereito da Seguridade Social, constatando a importancia do seu dinamismo "pola constante necesidade de adaptar a normativa da seguridade social á cambiante evolución das magnitudes que conforman o fundamento da súa aplicación". E asegurou que o sistema de pensións da Seguridade Social "non sobreviviría se permanecesen estáticas as súas normas sobre afiliación, cotización, xestión ou acción protectora".

Para Juan Morano, o Pacto de Toledo vén cumprindo dende 1995 unha función de "prios" ou punto de partida indispensable para efectuar calquera reforma seria da Seguridade Social, por ese motivo, asegurou que "as novas recomendacións do Pacto, aprobadas polo Pleno de Congreso dos Deputados na súa sesión do 25 de xaneiro de 2011, constitúen unha atalaia indispensable para calcular as principais reformas lexislativas que se aveciñan a curto, medio e longo prazo".

A seguir, Carlos Suárez, vogal da Comisión executiva da Mutualidade, realizou un detallado percorrido polas distintas etapas da Mutualidade e o seu devir nunha mutualidade alternativa e complementaria da previsión pública.

Resaltou as particularidades vantaxosas da Mutualidade, referíndose á posibilidade de que poidan percibirse as prestacións de xubilación en forma de capital ou renda financeira ou vitalicia, destacando ademais "a vantaxe, fronte a outros, pola compatibilidade co traballo tras a xubilación e a percepción de prestacións doutros réximes, congruente co carácter de entidade privada", a diferenza da situación formulada para os asegurados por conta allea.

Suárez apostilou que "estas vantaxes competitivas non poden acusarse de ilexítimas, non só polo carácter



Relatores das xornadas sobre o futuro das pensións

alternativo da Mutualidade, senón pola súa competencia no mercado con outras institucións públicas ou privadas e o feito diferencial que supón a capitalización individual".

Por outra banda, formulou unha cuestión de calado ao esixirlle á Administración pública un trato fiscal igualitario co que teñen as achegas á Seguridade Social, pois as deducións no réxime de autónomos son moi superiores en canto á súa dedución do IRPF ás das mutualidades alternativas".

Así mesmo, referiuse á desigualdade de trato con algúns colectivos e reclamou a asistencia sanitaria pública universal para un resto de poboación que non ten acceso a ese dereito do que goza a maior parte dos españois, entre os que se atopa un número destacado de avogados, "a falta de cobertura sanitaria dos profesionais de mutualidades supón non só unha inxustiza en canto á fonte de financiamento, senón á igualdade de trato en termos xerais e máis especificamente ao existir a alternatividade".

Finalmente, Francisco de Blas, subdirector xeral de Plans e Fondos de Pensións da Dirección Xeral de Seguros, resaltou na súa intervención de clausura que segundo os datos sobre o comportamento da previsión social complementaria en 2010, aínda que se viu afectada pola crise coma todos os sectores, foino en menor medida.

Francisco de Blas fixo referencia ás novidades normativas, centradas na recente aprobación da Lei de economía sostible, repasando as principais achegas que esta fai á normativa de plans. En concreto, coa regulación da comercialización de plans, a redución e a simplificación de procedementos e cargas administrativas, o reforzo das funcións da depositaria como garante da seguridade do sistema.

Tamén describiu as expectativas de novidades regulatorias a nivel comunitario a raíz da presentación pola Comisión Europea do libro verde sobre pensións.

Por último, realizou unha análise dos puntos fortes e das debilidades dos sistemas de previsión social de emprego e persoais e apuntou recomendacións aos distintos participantes no sistema, supervisor, xestoras e aseguradoras, axentes sociais e cidadáns, para a mellora no seu desenvolvemento.

A xornada é a sexta que organiza a Mutualidade sobre temas de interese para os avogados, sobre a actualidade da economía e das finanzas.

A Mutualidade renova a imaxe da súa páxina web

A Mutualidade da Avogacía puxo en servizo a súa nova páxina web (www.mutualidadabogacia.com) que renova e mellora a súa funcionalidade grazas á implantación dunha sólida estrutura tecnolóxica.

Entre os aspectos máis destacados da súa parte pública, a nova web amplía a navegabilidade, facilita o acceso aos contidos e amosa unha información mellor estruturada, o que facilita a busca de contidos.

A web pública está deseñada cos estándares de Web 2.0. Trátase de aplicacións que xeran colaboración e que substitúen ás aplicacións estáticas e pasivas. Pódese dicir que a Web 2.0 é algo máis que unha simple tecnoloxía, é unha nova actitude que xerará interacción entre os usuarios para compartir información.

A nova web está, así mesmo, baseada nos estándares de accesibilidade de dobre A (AA), cuxa idea principal radica en facer o contido da web de maior comprensión, reducindo coa súa aplicación posibles barreiras á información dos usuarios.

Ademais, cando estea operativa a nova parte privada, facilitarase a realización dun maior número de operacións e a posibilidade de coñecer dunha "ollada" todo o que o mutualista ten contratado coa Mutualidade nos seus distintos servizos.

Nunhas semanas está prevista a posta en marcha da parte privada da nova web, a través da cal os mutualistas rexistrados realizarán as transaccións coa Mutualidade. A nova web privada constrúese, á vez, nunha nova tecnoloxía, que disporá dunha estrutura e navegabilidade máis sinxela e intuitiva para o usuario, o que lles permitirá aos mutualistas realizar as súas xestións dun xeito máis áxil e cómodo.



No primeiro trimestre de 2011 a Mutualidade acadou os 3.140 millóns de aforro xestionado

As cifras da Mutualidade no peche do primeiro trimestre de 2011 botan un volume de aforro xestionado de 3.140 millóns de euros, un 10,7% máis ca na mesma data do ano precedente. As achegas de mutualistas medraron un 19,5% respecto ao primeiro trimestre do ano anterior.

Xunto a estes datos relevantes, as cifras do primeiro trimestre botan resultados significativos en cada unha das liñas de actividade. Así, as prestacións medraron un 13,91%, os rendementos financeiros situáronse no 5,11%, e a ratio de gastos de xestión sobre activos medios xestionados reduciuse do 0,38% existente a día 31 de decembro do ano anterior, ao 0,37% ao final do primeiro trimestre de 2011.

A actividade comercial tivo un aumento importante durante o período. As xestións saíntes dos asesores comerciais aumentaron no primeiro trimestre un 26% respecto ao ano anterior (co mesmo número de asesores); as interrupcións de pagamento de cotas reducíronse nun 26,94%; as melloras de xubilación aumentaron nun 74,65% (un 144,66% máis se se considera o volume achegado en euros); as operacións extraordinarias aumentaron un 24,87% (27,96% se se considera en volume das achegas efectuadas polos mutualistas sen periodicidade regular); as mobilizacións de saldos de plans de pensións doutras entidades cara á Mutualidade aumentaron un 42,40% (en volume de euros, un 56,31%) e as operacións a as rendas vitalicias aumentaron un 47,73% (un 44,24% en euros).

Carlos Varela, fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

«Debe ser creado un novo xulgado contencioso en Santiago se os datos o avalan»

O fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Carlos Varela, cre que Santiago debe ter un novo xulgado contencioso “se os datos avalan esa necesidade”. Pero tamén asegura que “a creación de novos xulgados debe partir dunha análise rigorosa da situación de colapso”. El propón coñecer onde está o “pescozo de botella” e actuar aí. Carlos Varela analiza nesta entrevista concedida ao Colexio de Avogados todos os temas que competen á Fiscalía do TSXG, que preocupan á avogacía e tamén aos cidadáns.



PREGUNTA: Santiago de Compostela foi pioneira na posta en marcha do servizo de mediación familiar intraxudicial.

RESPOSTA: Na mediación traballamos en dous eidos. Un é a mediación intraxudicial nos casos de Dereito de familia, nas separacións e divorcios. E outro é a mediación con menores infractores que comenten delitos. Aplícaselles a Lei orgánica de responsabilidade penal do menor. Se os menores reparan o dano causado, concílianse coa vítima e piden perdón, poden saír da vía penal e ir a unha solución extraxudicial.

P.: Como valora a achega do Colexio de Avogados de Santiago no impulso do servizo de mediación familiar intraxudicial?

R.: A experiencia comezou en marzo do 2009. Levamos dous anos. O balance é extraordinariamente positivo. Segundo o último informe, o 59% dos casos chegan a un acordo. Ocupamos o primeiro lugar en porcentaxe de acordos de mediación en toda España.

P.: Sen ter que recorrer á xustiza ordinaria.

R.: A mediación que se practica é sempre ao abeiro do tribunal, por iso se chama intraxudicial. O avogado acompaña sempre a mediación. É importante recalcalo para evitar que sexa mirada con receo por parte dalgún colexio de avogados.

P.: Por que?

R.: Porque se pensa que vai precarizar a asistencia letrada, cando non é así. Unha cousa é o avogado que sempre acompaña o seu cliente durante o proceso de mediación e o aconsella. A figura do mediador, pola súa banda, é distinta. Ten que ser un terceiro imparcial, experto en xestión de conflitos. E facer protagonistas na xestión dese conflito aos dous proxenitores.

P.: Neste caso o papel do avogado é fundamental.

R.: É moi importante. Está presente en todo o proceso de mediación. O avogado non queda nunca fóra de xogo. A mediación é para os avogados un importante nicho de mercado que non poden deixar baleiro para ser ocupado por outras profesións con menor grao de formación.

P.: O Colexio de Avogados de Santiago está preocupado polo que será a futura Lei de medidas de axilización procesual, que propón que as sentenzas en xuízos verbais nos que o asunto de litixio non supere os 6.000 euros non poidan ser apeladas. Afirmar que “recortará dereitos dos cidadáns”.

R.: O lexislador, tomando modelos do dereito comparado, limita a posibilidade do recurso para evitar o uso abusivo, e ás veces innecesario, de instancias xudiciais. Aplícase aos xuízos verbais por razón da contía e a aqueles procesos cuxas sentenzas carezan, por disposición legal, de efecto de cousa xulgada.

P.: Cal é o seu punto de vista?

R.: Teño a experiencia de pronunciamentos en primeira instancia cando estaba de presidente da Comisión de Xustiza Gratuíta. Lembro que, cando se recorría algunha decisión da comisión, había un xuíz que decidía a contenda sen posibilidade de apelación. Tiñamos unha perspectiva global. As diferentes resolucións xudiciais eran, nalgúns casos, contraditorias. Botabamos de menos non ter un recurso para que se producise unha unificación. O perigo está aí: se hai resolucións xudiciais distintas e non podemos unificar e dar seguridade xurídica a través dun recurso de apelación. Eu véxolle ese inconveniente. Habería que establecer algún trámite para que houboese seguridade xurídica ante pronunciamentos distintos que despois non poden ser apelados. En todo caso, o Consello Fiscal considerou que con esta proposta se limitaban considerablemente os dereitos dos cidadáns.

P.: Ocorréselle algún mecanismo?

R.: Que houboese unha especie de recurso de unificación de doutrina por parte do Tribunal Superior ante pronunciamentos discrepantes en situacións similares.

P.: O Colexio de Avogados de Santiago reclama un novo xulgado contencioso para evitar o colapso.

R.: A creación de novos xulgados debe partir dunha análise rigorosa da situación de colapso. Fáltanos esa perspectiva analítica. É tamén importante identificar onde se produce o pescozo de botella. Se está na sentenza ou na súa execución, sería suficiente con designar novos maxistrados e non crear órganos xudiciais enteiros.

P.: O Colexio de Avogados de Santiago avala o colapso con datos. Agora estanse dando datas de xuízos para a primavera do 2012.

R.: Se os datos avalan a necesidade, o xulgado debe ser creado. Malia todo, a experiencia que temos é que cada vez que creamos un órgano xudicial se colapsa de novo en pouco tempo. Isto indícanos un déficit no diagnóstico.

P.: Quen decide sobre a

creación dun novo xulgado?

R.: A Sala de Goberno reúne en comisión mixta co conselleiro de Presidencia e toman a decisión. Unha vez que é asumida pola Xunta, dáselle traslado ao Ministerio de Xustiza.

P.: Que decide.

R.: Efectivamente. Decide en función dos argumentos presentados.

P.: Debería ter transferida a Xunta a potestade de crear novos xulgados?

R.: O Ministerio de Xustiza ten cada vez menos competencias. Se tamén perde esta competencia, acabará quedando baleirado de contido. O importante é radiografiar onde se producen os colapsos e que a Xunta e o Goberno central poidan contribuír a desatascar as zonas en que se producen colapsos. A creación dun observatorio da xustiza en Galicia podería prestar unha gran contribución analítica da realidade do problema.

P.: A demanda da quenda de oficio está medrando coa crise. Que percepción ten vostede?

R.: Fun presidente da Comisión de Xustiza Gratuíta de Vigo e tamén da de Pontevedra. Moitas veces producíase un abuso por parte de determinadas persoas. Presentaban ata corenta preitos nun ano. Hai situacións abusivas que teñen que ser corrixiadas e a lei debería reformarse neste senso. Unha persoa pode ter tres preitos gratis ao longo dun ano, pero en ningún caso barra libre.

P.: A Xunta tamén debe incrementar o orzamento para facer o pagamento da xustiza gratuíta.

R.: Hai que buscar un mecanismo regulador para que o sistema non sexa inviable por causa de certos abusos.

P.: Pero modificar o regulamento dependería de Madrid.

R.: A lexislación estatal actúa como lexislación marco. A partir de aí fanse as lexislacións autonómicas.

P.: A Xunta podería fixar ese mecanismo regulador?

R.: Entendo que si. Podería limitar o número de casos que unha persoa pode levar á xustiza gratuíta e impulsar as fórmulas de mediación.

P.: Que medidas propón para evitar o colapso xeral do sistema xudicial?

R.: Eu teño unha visión da xustiza penal. O colapso chega pola xestión deficiente dos procedementos. Moitos dos 300.000 procedementos do ano pasado no eido penal foron sobresidos por non haber autor coñecido. Son máis dos dous terzos dos procedementos. O xulgado recibe o atestado, abre dilixencias previas, auto de incoación e auto simultáneo de arquivo porque non hai autor coñecido. Todo isto ten que trasladarse ao papel. Fai



Carlos Varela é un firme defensor da xustiza gratuíta, pero con mecanismos que eviten os abusos

falta un exército de funcionarios para xestionar este soporte papel. Son procedementos sen futuro. Deberíamos podelos reconducir cara a unha vía morta electrónica. E transferir parte deses recursos a axilizar a execución de sentenza.

P.: O Goberno central ten intención de buscar unha xustiza máis áxil?

R.: Creou a nova Oficina Xudicial e impulsa o expediente electrónico. Con estes pasos o colapso podería ir a menos.

P.: Vostede é partidario de eliminar os partidos xudiciais.

R.: Responden a unha realidade territorial do século XIX. As distancias agora mídense en tempo e non en quilómetros. Estamos en condicións de crear unha matriz territorial máis ampla, que podería ser a chamada comarca funcional.

P.: Concentraría varios partidos xudiciais.

R.: Si, e daría servizo a todo o territorio que estivese a media hora de distancia.

P.: Cantos partidos xudiciais temos?

R.: En Galicia existen 45. A nova realidade tamén pon en cuestión a propia división provincial. Lalín e A Estrada están máis preto de Santiago que da súa capital provincial.

P.: Cantos partidos xudiciais abondarían?

R.: Habería que facer o axuste relacionándoo coa fusión dos concellos. Habería que establecer ratios de poboación. En Galicia poderíamos pasar dos 315 concellos aos 60 concellos. Temos pendente unha nova organización do territorio.

P.: Primeiro fusión dos concellos e logo fusión dos partidos xudiciais.

R.: Hai que abordalo canto antes. Temos que buscar solucións para que os servizos públicos se poidan prestar de maneira máis eficaz.

P.: É inevitable a fusión dos concellos?

R.: Si. E deberíamos resolvela canto antes porque introducen un elevado grao de ineficiencia na prestación dos servizos públicos. Temos que poñernos ao día.

«Hai un proxecto do Goberno central para que a titularidade da investigación penal pase ao ministerio fiscal»

P.: Como valora a última reforma do Código penal?

R.: Despois de dezaseis anos de vixencia, aparecen novas figuras delituosas e novas técnicas para cometer delitos. A actualización é obrigada.

P.: Amplíanse as facultades do ministerio fiscal para a instrución.

R.: Dependerá da nova Lei de axuízamento criminal. Hai un proxecto do Ministerio para cambiar de modelo de instrución co fin de que a titularidade da investigación penal pase ao ministerio fiscal. Este tipo de proxectos teñen que facerse con maiorías parlamentarias. Non podemos poñer en marcha un modelo e que aos poucos anos haxa que volver ao modelo anterior.

P.: Non parece o momento oportuno.

R.: O Ministerio de Xustiza, polo que sabemos, quere aplicar o modelo de que o ministerio fiscal dirixa a investigación. Establecer a figura do xuíz que dea garantías para acordar as medidas cautelares que se teñan que tomar en relación cos dereitos fundamentais. Tan só España e Francia mantemos o modelo napoleónico de xuíz instructor.

P.: A nova Oficina Xudicial contribuirá a desconxestionar os xulgados?

R.: Si, se están ben formuladas para que dean resultados. Pretenden introducir novos criterios de xestión dos procesos. Aplicarán economías de escala dando servizo a varios xulgados. O secretario xudicial é un experto en impulso procesual, pero ao mellor habería que poñer un experto en xestión administrativa e de recursos nalgúns tribunais. Agora ben, deixemos que remate a reforma para saber como funciona.

P.: A especialización da fiscalía foi un acerto?

R.: Sen dúbida. Colócanos no século XXI. O eido xudicial ten pendente esta especialización.

P.: Ata onde pode chegar a especialización?

R.: Hai que establecer grandes bloques de especializacións para que haxa suficiente volume de asuntos e que poidan ser atendidos. Temos que evitar a existencia de xurisdicións sen volume suficiente de procesos.

P.: Contan con suficientes medios para buscar a eficacia?

R.: Estamos expectantes de como sairá a planificación ministerial. As profesións xurídicas tamén temos que asumir a nova cultura e cambiar as nosas rutinas de traballo.

P.: Retos da fiscalía?

R.: Estamos na boa dirección, queremos ser máis eficientes e dar mellores respostas.

P.: Logros?

R.: Os documentos de diagnose que elaboramos en colaboración coa policía xudicial. Empezamos no 2006 cos incendios forestais, seguimos coa seguridade viaria, coa contaminación dos residuos gandeiros e abordaremos, no próximo mes, a problemática do furtivismo. Queremos que sexan de utilidade para facer prevención de delitos.

P.: A avogacía cumpre unha función social?

R.: Non hai quen o dubide.

P.: Cal é a relación fiscalía-avogacía?

R.: Debemos crear espazos comúns de entendemento e diálogo. Así a xustiza dará mellores prestacións.

P.: Un consello para un avogado novo?

R.: Ten que estar ao día nas novas tecnoloxías. Debe ter unha boa formación especializada e coñecer idiomas.

«A sentenza do Prestige chegará no 2012»

P.: En que momento está o asunto do Prestige?

R.: Na fase intermedia. Rematou a instrución, o fiscal formulou a súa acusación e as partes acusadores fixeron o propio. Os escritos de acusación traducíronse ao grego e xa están en mans das partes acusadas.

P.: Que prazos manexan a partir de agora?

R.: En xuño pasarase o asunto á Audiencia Provincial para que poña na súa axenda a data do xuízo.

P.: Cando podería ser o xuízo?

R.: Se llo remitimos en xuño, a finais de ano, razoablemente, poderíase sinalar o xuízo. Pero todo depende da axenda de Audiencia Provincial.

P.: O xuízo estaría rematado...?

R.: As primeiras sesións comezarían a finais deste ano e podería estar rematado durante o 2012.

P.: A sentenza chegará no 2012?

R.: Seguro. Ese é o escenario máis lóxico.

P.: Demasiados anos para aclarar qué aconteceu?

R.: É un proceso complexo. Tratámolo cunha xurisdición non especializada. Se tivéssemos uns órganos especializados para este tipo de procesos complexos, todo iría máis rápido. A rutina diaria dun vulgado de instrución non pode dixerir un macroproceso como o do Prestige. Hai que crear estruturas axeitadas e especializadas.

P.: O verán xa está aquí. E chegan os incendios forestais.

R.: No inverno tamén tivemos incendios.

P.: Quedou claro que non hai bandas organizadas que prenden lume no monte.

R.: No 2006 falábase na sociedade e na política que había tramas organizadas ou intereses ocultos. Díciase que había unha economía do lume. A investigación demostrou que todo isto non era certo e retiráronse as afirmacións do debate social que distorsionaban o diagnóstico.

P.: Cal é a orixe do lume nos montes galegos?

R.: on provocados nunha alta porcentaxe por malas prácticas na eliminación de residuos agrarios.

P.: Pero tamén hai pirómanos.

R.: Tamén hai patoloxías relacionadas co lume. O traballo do 2006 complementámolo co Estudo do perfil psico-social do incendiario forestal galego. Preguntámoslles aos detidos por que incendiaban o monte.

P.: Cal foi a resposta?

R.: Maioritariamente por malas prácticas agrarias e

tamén por falta de motivación aparente.

P.: Penas máis contundentes.

R.: Non. O fundamental é atopar probas de calidade. O incendio cométese de noite e nun espazo aberto. O autor busca a impunidade. No xuízo hai que achegar probas de calidade.

P.: Pero é difícil.

R.: Hai que esmerarse e utilizar a tecnoloxía. Hai que obter información valiosa dos veciños. Hai que obter as mellores probas e mellorar as estratexias de comunicación no mundo rural.

P.: Cal é a mellor maneira de combater os lumes?

R.: A prevención. Ese traballo é fundamentalmente da Xunta.

P.: Preocupa a corrupción nalgúns concellos galegos. Hai que darlle máis poder de control aos secretarios?

R.: Hai concellos en que detectamos estes delitos. Aí a figura do secretario quedou debilitada. Antes o secretario podía facer advertencia de ilegalidade. Agora esa figura xa non está recollida

na nova Lei de réxime local. A figura do secretario está debilitada, en moitas ocasións, porque os seus complementos salariais dependen de levarse ben co alcalde. Hai veces que o secretario lle di ao alcalde que non pode facer certas cousas, entón o alcalde busca asesoramento externo para ter un informe a medida e poder así cometer unha irregularidade. Hai que fortalecer estas figuras, estes técnicos, que teñen que ser garantes imparciais

da legalidade do concello.

P.: Como se reforza a figura?

R.: Con cambios na lexislación estatal. Hai que evitar asesoramentos externos feitos a medida. O asesor legal e natural do alcalde é o secretario do concello. Tamén teñen que funcionar os controis externos, como a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Ten que actuar cando haxa unha ilegalidade e, se os feitos son constitutivos de delito, teno que poñer en coñecemento da fiscalía.

P.: Que pensa da posibilidade de retirarlles aos concellos as competencias en materia urbanística?

R.: É unha cuestión do lexislador. Eu non me atrevo a facer unha afirmación tan rotunda. A planificación urbanística dun concello é tan importante que sería conveniente que houbese outros organismos que tamén tivesen algo que dicir.

P.: Cales?

R.: De ámbito autonómico.



Para Carlos Varela é necesario fortalecer a figura dos secretarios municipais para evitar irregularidades

Entrevistas

P.: Fáleme da policía urbanística.

R.: A especialización ten que comezar pola policía xudicial. Unha policía urbanística axudaría moito nas investigacións.

P.: Á fiscalía preocúpalle tamén os accidentes de tráfico.

R.: Moito. Quixemos saber cal era a situación da seguridade viaria e elaboramos un documento estratéxico.

P.: Cales foron as conclusións?

R.: Caen moitos tópicos. Os rapaces novos que beben non causan a maioría dos accidentes. Os accidentes son causados por xente de entre 40 e 60 anos que inxire bebidas alcohólicas. Díciase que os accidentes chegaban no inverno pola chuvia. Pois non, unha gran parte suceden no verán e con boas condicións climatolóxicas.

P.: O informe axudará a evitar accidentes na estrada?

R.: Hai que previlos.

P.: A fiscalía tamén traballa para evitar investigar os accidentes laborais.

R.: Temos unha policía especializada en sinistralidade.

P.: A crise incrementa o risco de accidentes?

R.: Non, na medida en que hai menos obras.

P.: Pero tamén se toman menos precaucións para aforrar.

R.: Non teño datos sobre criterios de aforro.

P.: É unha mágoa que non se empregue máis o galego na Administración de xustiza, non cre?



Segundo o fiscal xefe, os estudos demostran que os tópicos sobre as causas dos accidentes de tráfico son infundados

R.: O galego é unha lingua oficial. O cidadán ten o dereito de elección lingüística. Temos que conseguir que o galego sexa unha lingua de uso normal, que sexa lingua do proceso.

P.: É difícil de conseguir.

R.: Non. Sería fácil se os avogados empregasen o galego con habitualidade nas súas demandas.

P.: Máis do 90% das sentenzas dos xuíces están en castelán.

R.: Así é, pero un cidadán pode pedir que lle notifiquen a

sentenza en galego. Que podemos facer pola nosa lingua? Pois un avogado pode preguntarlle ao seu cliente en que lingua quere presentar a demanda e ofrecer os seus servizos tamén na nosa lingua.

P.: Pode haber prexuízo por parte dalgún xuíz porque alguén fale galego?

R.: O xuíz ten que aplicar a lei. Se ten algún prexuízo polo uso da lingua estaría cometendo un delito. O Tribunal Constitucional di que o galego pode ser utilizado na interlocución cos poderes públicos. O xuíz ten que respectar iso, ten que respectar a legalidade. Sería tremendo que non o fixese.

P.: Hai quen pensa que o xuíz pode miralo mal por falar en galego.

R.: Hai que facer pedagogía social. A xustiza está obrigada a atender o cidadán en galego se así o demanda. Ao cidadán daránlle a razón no seu preito en función dos feitos probados e dos argumentos xurídicos que sexan aplicables con independencia da lingua.

«Fago a pé 10 quilómetros ao día»

P.: **Fiscal por vocación?**

R.: Non. Fixen as oposicións, pero a vocación chega despois, cando se percibe o servizo que se pode facer á causa pública.

P.: **Destinos?**

R.: Estiven en Vigo, Cambados e agora como Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Estou satisfeito sempre que sexa capaz de dar á sociedade solucións.

P.: **Recordos dos seus destinos?**

R.: Estiven 19 anos en Vigo, un ano en Cambados e o resto na Coruña. Tiven sempre moi boa relación cos compañeiros doutras profesións xurídicas.

P.: **Sensabores?**

R.: Anecdóticos e pasaxeiros.

P.: **Mar ou montaña?**

R.: As dúas cousas. Eu son do Carballiño e vivo en Cangas do Morrazo. Non podería vivir nunha

cidade que non tivera mar.

P.: **Deporte?**

R.: Son camiñante. Fago a pé 10 km ao día.

P.: **Campo ou cidade?**

R.: Prefiro espazos abertos.

P.: **Unha cidade galega?**

R.: Calquera que teña mar.

P.: **Con que personaxe histórico lle gustaría compartir unha velada?**

R.: Con Castelao. Ou con Otero Pedrayo. Lémbrome cando viña ao Carballiño a dar conferencias no Casino. Eu era un rapaz.

P.: **Un lugar para perderse.**

R.: Alta montaña. Fixen o servizo militar en Jaca.

P.: **Unha frase.**

R.: A nosa patria é a lingua galega.

P.: **Un sinónimo de Galicia.**

R.: O verde das súas fragas.

Esther Seoane, directora da Cociña Económica de Santiago de Compostela

«Precisamos unha reforma en profundidade no edificio da rúa Travesa»

Sor Esther Seoane está á fronte da Cociña Económica de Santiago. Ela, como directora, recolleu o premio Dereitos Humanos do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela con motivo da celebración de San Raimundo de Peñafort no Pazo de Fonseca. Días máis tarde recibiu no edificio da rúa Travesa a Avogacía Compostelá. Na entrevista fala das orixes da Cociña Económica de Santiago, das súas necesidades e do seu futuro. Sor Esther Seoane afirma que o edificio no que atenden a máis de 100 persoas na hora da comida “precisa unha gran reforma para sacarlle rendemento ao espazo que temos”. Queren darlles aos marxinados da sociedade unha asistencia integral. Como se pode axudar? A monxa, que nos recibe nun dos cuartos do edificio no que tamén viven as Fillas da Caridade que levan o comedor, di que “toda axuda é ben recibida”. E esa axuda pode chegar en forma de alimentos, de diñeiro ou de traballo voluntario.



Pregunta: Cal é a orixe da Cociña Económica de Santiago?

Resposta: A Cociña Económica foi fundada no ano 1891. O seu fundador foi Manuel Mouriño, que era unha persoa cunha sensibilidade especial para facerlle fronte á pobreza. A comida era naquela época unha necesidade básica. E así solucionaba un problema que tiñan moitas familias.

P.: Cantos xente comía a diario naquela época?

R.: Máis de 200 persoas. Tiña varias quendas. En Santiago, a finais do século XIX, vivían moitos pobres, moita xente sen recursos.

P.: Tamén comían estudantes da Universidade?

R.: Si. Os estudantes viñan estudar a Santiago, pero tiñan escasos recursos. Moitos víanse na necesidade de acudir a un comedor de caridade.

P.: A Cociña Económica sempre estivo neste edificio da rúa

Travesa, na zona histórica da cidade?

R.: Sempre. O bispo Herrera e o alcalde Cleto inauguraron o edificio o 24 de xullo de 1891, a véspera do Día de Santiago Apóstolo. Na época xa funcionaban comedores en Ferrol, A Coruña e Madrid. E Santiago tamén se viu na obriga de cubrir unha necesidade social.

P.: As Fillas da Caridade están á fronte da Cociña Económica.

R.: Así é. Estamos aquí desde a

Entrevistas

fundación. Tres Fillas da Caridade chegadas do Hospital de Santiago comezaron a prestar servizo na Cociña Económica. Sempre houbo Fillas da Caridade e algún persoal contratado, sobre todo cociñeiras. Tiñan moito traballo. Ese é o noso carisma.

P.: E os voluntarios?

R.: O movemento do voluntariado comezou a finais do século XX. Agora temos dous ou tres voluntarios en cada comida. Hai algún que axuda todos os días. Noutras épocas a familia vicenciana (movementos, asociacións e congregacións fundadas por San Vicente de Paúl) tamén tivo voluntarias.

P.: A Cociña Económica atendeu á xente ininterrompidamente desde a súa fundación. Hai moita diferenza entre os que acudían no século XIX e os que veñen hoxe?

R.: Hoxe chega aquí menos xente. Nos inicios do século XX a xente pasaba fame. Recibían un prato de comida, xeralmente unha cunca de caldo. Non había máis.

P.: E canta xente atenden hoxe?

Hoxe (polo día 15 de marzo de 2011) houbo 137 persoas na comida. No almorzo temos entre 25 e 30. E na cea, arredor de 100 persoas.

P.: Cal era hoxe o menú?

R.: Entremeses, feixóns verdes, que estaban boísimos, chuleta de porco con patacas fritidas e flan. Hoxe celebrabamos o día da nosa fundadora, Santa Luísa de Marillac. É unha

xornada de festa, pero o resto dos días temos un menú moi similar.

P.: Acoden máis persoas nestes últimos anos de crise?

R.: Eu levo aquí ano e medio, cheguei no 2009. Nese ano era raro chegar a 100 persoas. Pero no inicio do Ano Santo do 2010 chegou moita máis xente da man do Camiño de Santiago.

P.: Son peregrinos?

R.: Non. Son transeúntes. Moitos chegan dicindo que son peregrinos, pero nótase que non o son. Pasado un tempo non teñen onde volver e quedan en Santiago.

P.: Que persoas chegan ata a Cociña Económica?

R.: Persoas que viven sen teito, artistas da rúa, persoas con dependencias e moitos desarraigados da familia. Aquí non chegan persoas faltas de recursos. Os que comen na Cociña Económica son os que están en situación de marxinalidade. Os pobres que hai en Santiago non veñen. Vir aquí ten unha connotación negativa.

P.: Cal é o perfil da xente que come aquí?

R.: O 80% son homes. A maioría están entre os 40 e os 60 anos. Tamén hai un grupo numeroso no mozos, moitos con dependencia.

P.: Veñen pais cos seus fillos pequenos?

R.: Non. Non é un comedor de nenos. Os nenos teñen que estar escolarizados. Ten chegado algunha familia con nenos, pero falamos cos Servizos

Sociais de Santiago. Este non é bo ambiente para os nenos pequenos.

P.: Volvendo ao tema da crise. A situación económica que vivimos agora trae máis xente?

R.: Non. Os que chegan á Cociña Económica son desempregados que perderon o traballo. A crise aféctalle a todo o



Sor Esther Seoane, natural de Santiago de Compostela, é a directora da Cociña Económica de Santiago. Leva case dous anos á fronte da institución que máis solidariedade esperta entre os composteláns. O seu traballo é intenso. Parece muller fráxil pero é forte. Ten forza suficiente para sacar adiante un proxecto para os máis necesitados. Antes de chegar a Santiago traballou no ensino. Tamén estivo traballando sete anos nun barrio chabolista, con xente marxinada, en Xixón. En Madrid liderou a Pastoral Xuvenil das Fillas da Caridade. E esa foi a súa última tarefa antes de chegar a Santiago de Compostela. Sor Esther é unha muller que ten como vocacións axudar aos máis desfavorecidos. O seu labor é altruísta. E cumpre unha misión que en moitas ocasións é difícil de asumir polas administracións. A Igrexa, este é un exemplo, está cos máis pobres, cos máis necesitados.



Esther Seoane, directora da Cociña Económica de Santiago, nun dos balcóns do edificio da institución



A directora da Cociña Económica avoga pola reforma do actual edificio antes que por un traslado do servizo

mundo. Se eu teño moitos cartos podo dar algo na rúa. Pero se non teño tanto, ao final non dou nada. E nótase.

P.: Cal é a contribución dos beneficiarios da Cociña Económica?

R.: Pedímoslles un apoio económico. Cremos que por dignidade e responsabilidade teñen que colaborar. Pedímoslles 20 céntimos no almorzo, 80 céntimos na comida y 50, na cea. Se non fan unha achega económica, invitámoslos a colaborar nas tarefas de limpeza do comedor. Moitos non queren, outros si colaboran e outros, para non traballar, traen os cartos.

P.: Experiencias positivas?

R.: Hai moitas. Por exemplo: agora temos un chileno que non ten papeis. Axudámoslle a tramitar a súa documentación para volver ao seu país. Non ten nada. El comprometeuse a devolver os cartos que empregue nos trámites. E colabora con nos. Síntese un traballador máis.

P.: Con que recursos contan?

R.: Temos unha subvención do Concello de Santiago, da Deputación da Coruña e da Xunta. O Parlamento tamén fixo unha achega. A Cociña Económica recibe moitos donativos anónimos. E tamén chegan moitos alimentos.

P.: Son suficientes?

R.: Si. A nosa maior necesidade son

as instalacións. Temos o mesmo lugar e o mesmos espazos que no ano 1891. O comedor, por exemplo, queda xa incómodo para 130 persoas.

P.: Prefiren novas instalacións ou unha reforma en profundidade do edificio da rúa Travesa?

R.: O ideal sería unha reforma. Estamos no centro da cidade e tamén é un lugar discreto. Se foramos para fóra da cidade perderíamos poder de asistencia.

«Toda axuda é ben recibida»

P.: Trasládaronlle esta inquietude ao alcalde?

R.: Si. O alcalde xa nos mandou o arquitecto. Precisamos facer unha gran reforma para sacarlle rendemento ao espazo que temos.

P.: A sociedade de Santiago responde.

R.: Sen dúbida. Os composteláns apoian o noso traballo. Todos están pendentes de nós.

P.: Como se pode axudar?

R.: Toda axuda é ben recibida. Precisamos alimentos e tamén diñeiro. O diñeiro permítenos comprar aparatos, contratar persoal que faga falta ou atender outras necesidades. Os veciños tamén poden vir axudar nas horas das comidas.

P.: Como imaxina que será a Cociña Económica no futuro?

R.: Non ter que dar de comer á xente é unha utopía. Queremos transformar este espazo para que a xente veña a comer e ofrecerlle todas as comodidades. Tamén desexamos ter un espazo de ocio, espazos para aprendizaxe, para facer traballos, para ter actividades. Non imos resolver todos os problemas, pero si podemos axudar.

P.: Unha asistencia integral?

R.: Acudir a comer crea vínculos entre a xente. Créase unha relación cotiá e tamén se xera unha autoridade moral para que adquiran un compromiso para mudar a vida. Para esta xente é necesario un ambiente de atención, de formación e tamén de cariño. A maioría séntense abandonados.



Esther Seoane cos letrados Noemí Peteiro e Adrián López

A adquisición das servidumes de paso á luz do dereito civil de Galicia (primeira parte)

Ramón Méndez Tojo
Xuíz substituto da provincia da Coruña
Letrado non exercente

Neste primeiro artigo analizarase, brevemente, a forma de adquirir as servidumes de paso, á luz do Dereito civil foral de Galicia, concretamente a adquisición por prescrición de 20 anos, deixando para os posteriores outras formas de constitución e adquisición da devandita servidume.

Como se reflicte na Sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, sección 5ª, do 16.04.2009, recurso 433/08, confirmada pola Sentenza do TSX de Galicia, sección 1ª, do 20.05.2010, núm. 15/2010, recurso de casación 46/2009, no réxime legal emanado do Código civil a servidume voluntaria de paso, ao ser a máis característica entre as servidumes descontinuas por canto se usa a intervalos máis ou menos longos e depende de actos do home (artigo 532 CC), só pode adquirirse en virtude de título (artigo 539 CC) (sentenzas TS do 11.11.1954, 29.05.1979, 30.04.1993 e 14.07.1995).

Pero convén recordar, como pon de relevo a tamén Sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, sección 3ª, do 29.03.2010, núm. 106/2010, recurso 163/2009, que a Lei de dereito civil de Galicia é de aplicación preferente na nosa comunidade. Lei galega que se interpreta e integra

dende os principios xerais que a informan, os usos, os costumes, a xurisprudencia e a doutrina que encarna a tradición xurídica galega, sendo a lexislación do Estado de aplicación supletoria (artigos 1, 2 e 3 Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia,; e os mesmos artigos da actualmente vixente Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia) (Sentenza da Sala Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 01.04.2009). Así, no que se refire á adquisición da servidume de paso, o artigo 25 da Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia establecía o seguinte:

«A servidume de paso adquirese por lei, por dedicación do dono do predio servente ou por negocio xurídico bilateral, calquera que sexa a forma na que aquel se expresase. Igualmente, pódese adquirir pola súa posesión pública, pacífica e ininterrompida durante o prazo de vinte anos, que comezará a contarse desde o momento en que empeza-se a exercitarse.»

Pola súa parte, o artigo 82 da Lei 2/2006 de dereito civil de Galicia dispón:



As servidumes de paso no rural galego son unha das causas máis frecuentes de preito entre propietarios

«1. A servidume de paso adquirese por lei, dedicación do dono do predio servente ou negocio xurídico. Tamén pode adquirirse por usucapión.»

E o artigo 88, do mesmo texto legal, establece:

«1. A servidume de paso pode adquirirse pola súa posesión pública, pacífica e ininterrompida durante o prazo de vinte anos, que comezará a contarse dende o momento en que empezase a exercitarse.

2. A forma de prestarse a servidume de paso pode prescribir como a servidume mesma e do mesmo modo.»

Como expón a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña anteriormente mencionada e seguindo a doutrina establecida pola Sala Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sentenza do 01 de abril do ano 2009 ? Cendoj STSJ GAL 4570/2009? e do 14 de novembro do ano 2008 ? Cendoj STSJ GAL 8702/2008?), pódese afirmar que en Galicia, en gran parte xerado pola lacra do minifundismo, a explotación agrícola esixe a existencia de pasos e camiños para o acceso aos predios. Gravames que se mantiveron de forma máis ou menos pacífica ao longo do tempo.

Non obstante, nos últimos anos advírtese un incremento no exercicio de accións negatorias de servidumes de paso. Aumento que se debe, por unha parte, ao avance urbanístico no mundo rural, edificándose o que antes era un terreo de cultivo, polo que o paso ata ese momento non cuestionado tórnase en molesto. Por outra, ante o contido do artigo 25 da Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, ao permitir a adquisición por prescripción de vinte anos, xerou ese incremento litixioso, co fin de evitar que poidan consolidarse uns supostos dereitos inexistentes. Accións negatorias que se basean sempre no principio de liberdade do fondo. O principio da liberdade de fondo debe ser matizado no dereito galego pois, sen descoñecelo, é preciso acomodalo ao noso dereito propio.

Así sucede na problemática dos pasos consolidados (servidumes e serventías), cuxo amparo propugna o lexislador galego en boa medida, como poñen de manifesto as presuncións de serventía que se establecían nos artigos 30 e seguintes da Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, e agora no artigo 78 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia; ou a forma de regular a servidume de paso nos artigos 25 e seguintes da Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, e agora nos artigos 82.2, 85.3, 86, 87.2 e 3 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia. Atopámonos en gran parte no marco de relacións de veciñanza; cunha clara concepción favorecedora de tal institución. Xa na Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, distanciándose do Código civil, se admite a posibilidade de prescripción na adquisición da servidume aquí debatida.

Non obstante e en conclusión, a posibilidade de adquirir por usucapión o

dereito de servidume de paso pola posesión durante o transcurso do termo indicado (20 anos), non é aplicable a situacións anteriores á citada Lei 4/1995 de dereito civil de Galicia, senón que o prazo deberá contarse dende a súa vixencia para aquelas que se viñan usando anteriormente (sentenzas da Sala Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, as dúas do 24.09.1998 (Cendoj STSJ GAL 4539/1998 e Cendoj

STSJ GAL 4538/1998), o que é conforme co establecido na disposición transitoria primeira da Lei 2/2006, do 14 de xuño:

«Agás a posesión dunha servidume de paso comezada antes da entrada en vigor da Lei 4/1995, do 24 de maio, que non lle aproveitará ao posuidor para os efectos da súa adquisición por usucapión, o disposto no capítulo VII do título VI desta lei seralles aplicable a todos os actos e servidumes de paso calquera que sexa a súa data de realización ou constitución».

Para as servidumes de paso posteriores á entrada en vigor da citada Lei 4/1995, o prazo prescricional de 20 anos computarase dende que comezasen a exercitarse.



A explotación agraria e os novos usos do monte, como as camiñadas, esixen a existencia de pasos en réxime de servidume

Tributos e depósitos para o exercicio da potestade xurisdiccional

Víctor Andrés García Dopico
Colexiado 1.946 ICA Santiago



Dende que foron suprimidas as láminas e as verificacións de poderes, o exercicio de accións xudiciais tiña un carácter gratuito para as persoas axuizables, sen que tivesen que facer ningún pagamento por acudir á xustiza. Hoxe en día xa non sae tan de balde, ou polo menos non resulta xa tan xenérica esa circunstancia. En primeiro lugar, o lexislador fixou uns tributos polo feito de acudir á xustiza na Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en forma de taxas. Por outra banda, na reforma da Lei orgánica do poder xudicial foi introducida unha táboa de depósitos que teñen que ser consignados con carácter previo á interposición dun recurso e que se perden no caso de que o recurso non sexa estimado. Aínda que de distinta natureza xurídica ambos os conceptos, cómpre entre procuradores e letrados ter claro cando procede o pagamento de cada un deles, e moitas veces xorden dúbidas.

A taxa polo exercicio xudicial

Foi a Lei 53/2002, do 30 de decembro, a que introduciu unha taxa xudicial que, no seu artigo 35, aparece descrita nos seus distintos elementos tributarios que a compoñen. No relativo ao feito imponible, e sintetizando o que consta no precepto aludido, ha de ser pagada a taxa cando se interpoña unha demanda, xa sexa declarativa ou executiva, xa sexa cambiaria ou de monitorio, incluíndo as reconvencións, ou ben demanda ou recurso contencioso administrativo. Así mesmo, tamén están suxeitas ás taxas as apelacións e casacións, así como os recursos extraordinarios por infracción procesual. A lei exclúe as ordes xurisdiccionais penal e social, nas que en ningún caso se devenga a taxa. Noutro sentido, é obrigatoria en demandas e recursos civís e contencioso-administrativos, incluídas as reconvencións.

A lei, na súa redacción primitiva, non englobaba os monitorios. Non obstante, a recente modificación operada pola Lei 4/2011, do 24 de marzo, inclúeos ante a fraude procesual que se producía ao acudir a un monitorio en vez dun verbal ou ordinario en civil para non pagar a taxa. A lei establece unha dobre tributación para aqueles casos nos que se formula unha demanda e, unha vez obtida unha sentenza, é necesario executala, pois ha de ser pagada a taxa dúas veces (unha pola demanda e outra pola execución).

Á hora de establecer as exencións desta taxa, o lexislador opta por un criterio excluínnte despois de fixar a xeneralidade. Así, determina que todos deberán satisfacela, agás determinados supostos:

a) Exencións obxectivas: Son aquelas derivadas do obxecto do procedemento. Nestes casos non será obrigatoria a liquidación. Así, as demandas que teñan que ver sobre sucesións, estado civil das persoas e familia; sobre unha reclamación de cantidade que previamente fose reclamada por monitorio e fose formulada oposición (para evitar o pagamento dúas veces, unha coa petición de monitorio e outra coa demanda que se interpón en resposta á dita oposición); e recursos contencioso-administrativos sobre persoal, protección de dereitos fundamentais, dereito electoral ou impugnación de disposicións de carácter xeral.

b) Exencións subxectivas: Son aquelas que lles afectan directamente aos suxeitos pasivos, e todos aqueles que se poidan acoller a unha destas exencións non liquidarán a taxa. Segundo a lei son as seguintes:

1. Entidades sen ánimo de lucro (asociacións, fundacións, sindicatos, corporacións profesionais, etc.).

2. Entidades parcial ou totalmente exentas do imposto de sociedades. Existen algúns supostos nos que a entidade, aínda que desenvolve unha actividade económica, non está obrigada a pagar o dito imposto.

3. Persoas físicas.

4. Entidades de reducida dimensión segundo a Lei do imposto de sociedades.

Como se pode ver, a lei utiliza un criterio xeral do cal extrae todos os colectivos de tal xeito

que, en resumo, son suxeitos pasivos da taxa unicamente as empresas que non teñan a consideración de entidades de reducida dimensión. E nese sentido considéranse como tales, segundo o artigo 108.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, as que teñan no exercicio fiscal anterior ao do devengo da taxa unha cifra de negocio inferior aos 10 millóns de euros (ata hai pouco eran oito). E a cifra de negocio é, segundo a definición que ofrece o segundo parágrafo do artigo 35.2 do Código de comercio, a suma que comprenderá os importes da venda dos produtos e da prestación de servizos ou outros ingresos correspondentes ás actividades ordinarias da empresa, deducidas as bonificacións e demais



A Lei fixa unha serie de tributos que se deben aboar previamente para facer uso da xustiza

reducións sobre as vendas, así como o IVE e outros impostos directamente relacionados coa mencionada cifra (por exemplo, impostos especiais).

Noutras palabras, a cifra de negocios é o que factura a empresa sen IVE nin impostor relacionados coas actividades que desenvolve, e será ese o criterio que temos que seguir para nos decatar se hai que liquidar a taxa ou se o modelo pode ser presentado como negativo.

O importe da taxa, no caso de estar obrigado ao pagamento, está conformado por dous tramos: un fixo, dependendo do procedemento ou recurso, que se recolle na táboa anexa, e outro variable en función da contía e do carácter regresivo: ata un millón de euros será ao 0,5%, e dende un millón en diante ao 0,25%, que en ambos os casos será sumado ao fixo. Se a contía é indeterminada, deberá liquidarse como se fose de 18.000 €.

O xeito de facer a liquidación é mediante o modelo 696, que deberá ser pagado nunha entidade financeira e posteriormente engadido á demanda ou recurso. O xulgado non pode admitir escritos sen este documento tributario engadido. A práctica forense impuxo o costume de que, cando quen postula é unha persoa física, non se presenta o modelo, pero cando é unha persoa xurídica, ha de ser achegado en todo caso, aínda que, se se atopa exento, deberá facelo riscando no recadro “declaración negativa”. Trátase dunha manifestación tributaria que despreza todas as súas consecuencias no eido fiscal no caso de que realmente si sexa un suxeito que deba ter liquidado a taxa, e pode dar lugar ao procedemento de xestión e recadación tributaria correspondente (xuros de mora, requirimento da débeda, etc.).

As consignacións dos depósitos para recursos De distinta natureza son os depósitos que hai que constituír para que o recurso sexa admitido a trámite. Foron introducidos mediante a inserción dunha disposición adicional décimo quinta á Lei orgánica 6/1985, do poder xudicial, que foi operada pola Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, que introduciu esta medida de carácter recadatorio e que evita algúns recursos que se poderían entender temerarios. A regulación que se lle confire a estes depósitos non é tributaria, e así o di expresamente o punto 13 da citada disposición adicional décimo

quinta. Se o recurso é estimado en parte ou na súa totalidade, expídese o mandamento de pagamento a favor de quen o constituíu, co que se recupera integramente. En cambio, a taxa xudicial si ten natureza tributaria e non se devolve malia ser estimada a pretensión exercitada.

Ao igual que no caso anterior, existen exencións á obriga de constituír o depósito, que son as dos beneficiarios da xustiza gratuita, traballador ou beneficiario da Seguridade Social en Dereito social, acusación particular e defensa do prexudicado en Dereito penal (a lei só lle impón a obriga ás acusacións populares), e as administracións públicas e o Ministerio Fiscal.

A diferenza da taxa, a consignación ten unha contía fixa dependendo do recurso e sen ter en conta a contía que se está a manexar. Unicamente variará en función do trámite (se é un recurso de reposición ou revisión, ascende a 25 € e, se é unha apelación, 50 €).

No relativo ao seu pagamento, non se fai mediante a autoliquidación dun modelo tributario, senón mediante a consignación na conta de consignacións e depósitos do xulgado, e presentando na oficina xudicial o resguardo acreditativo de se ter feito o depósito para recorrer.

O financiamento da xustiza

Vistos estes dous supostos nos que para acudir á tutela xudicial ha de ser desembolsada unha cantidade (xa sexa mediante a liquidación dunha taxa ou xa sexa mediante a constitución dun depósito no caso de recursos ou revisións de sentenzas), cómpre destacar que o camiño emprendido polo lexislador vai cara á recuperación dun depósito ou taxa imprescindible para litigar, á semellanza das antigas láminas e verificacións de poderes, co ánimo de obter fondos para a xustiza. O establecemento no 2002 da taxa e a fixación no ano 2009 dos depósitos para recorrer constitúen o primeiro paso dunha tendencia que se vai asentando, e como proba disto está a extensión aos monitorios da obriga de liquidar a taxa que antes só se prevía para os declarativos, executivos e cambiarios na orde xurisdiccional civil. Por iso pouco a pouco haberá que ir afacéndose a estas liquidacións porque presumiblemente nuns anos aumentarán.

Orde xurisdiccional civil

Verbal	Ordinario	Monitorio cambiario	Execución extraxudicial	Concursal	Apelación	Casación e de infracc. procesual
90 €	150 €	90 €	150 €	150 €	300 €	600 €

Orde xurisdiccional contencioso-administrativa

Abreviado	Ordinario	Apelación	Casación
600 €	210 €	120 €	300 €

Na orde xurisdiccional penal e na social non existen estas taxas.

No caso dos recursos, a taxa é acumulable ao depósito por recorrer: hai que acreditar o pagamento de ambos os dous.

Ao fío dos casos de sucesión internacional: panorámica breve sobre a aplicación procesual do Dereito estranxeiro

Javier Maseda Rodríguez
Profesor titular de Dereito internacional privado - USC



Análise do tratamento procesual do Dereito estranxeiro a través da recente práctica xurisdiccional española en materia de sucesión internacional.

Aínda que algunha resolución xudicial se dirixe ao Dereito estranxeiro como «un feito máis» (SAP Las Palmas 28-06-2004), a maior parte alíñase coa práctica xurisdiccional maioritaria, isto é, aproximación procesual parella aos feitos, aínda que con certas peculiaridades derivadas da súa consideración como “realidade xurídica”. En consecuencia, será a parte interesada, e non o xuíz, quen se encargue de alegar e probar a normativa estranxeira reclamada a través do artigo 9.8 CC, a Lei irlandesa sucesoria de 1965 na SAP Granada 19-07-2004, ou a Lei sucesoria suíza na SAP Barcelona 28-09-2004. E, en vista da remisión integral ao Dereito estranxeiro, que esixe a proba tanto das normas materiais estranxeiras, como das conflituais, corresponde-lle á contraparte tratar de acreditar a norma de conflito estranxeira de cara a un eventual reenvío de retorno, como sucede na SAP Granada 19-07-2003.

De acordo con esta óptica, resulta consecuente falar da “carga da proba”, termo que emprega, entre outras, a SAP Las Palmas 28-06-2004, soportada só pola actora. Todo iso, aínda que non consideramos posible que neste contexto do tratamento procesual do Dereito estranxeiro poida falarse da existencia dunha verdadeira carga da proba. Tamén explica que resolucións como a SAP Illes Balears 31-03-2004 distingan entre aplicación de oficio da norma de conflito e imposibilidade de determinación por parte do tribunal do dereito material estranxeiro para xustificar tanto que o peso da súa indagación sexa soportado exclusivamente pola parte interesada, canto a inoperatividade xudicial neste ámbi-


to. De aí a STS 05-03-2002, que, afirmando a aplicación de oficio do artigo 9.8 CC, di: «que (o Dereito material estranxeiro reclamado) en ningún caso pode ser determinado polo Tribunal». Algo que, por outra parte, pon en dúbida o carácter imperativo da norma de conflito establecido no artigo 12.6.1 CC. Non é xustificación neste ámbito apelar como o fai a SAP Alacant 28-12-2001, respecto da sucesión dun nacional alemán, ao principio de *iura novit curia*, que, dende a súa óptica,

non acada o Dereito estranxeiro: errónea porque, está claro, ninguén está falando de que un xuíz deba coñecer máis dereitos que o seu, senón que estamos a falar só da súa indagación.

Con todo, aínda que o peso real da acreditación da normativa estranxeira é soportado polas partes, a posibilidade de colaboración que o artigo 281 LAC lle ofrece ao xulgador materializouse na SAP Illes Balears 16-10-2003, na que: «Acordouse por este Tribunal a achega, como dilixencia final, da Lei (sucesoria) do Estado de Nova York». Incluso a SAP Les Illes Balears 31-03-2004 ten en conta a facultade que a LAC lle concede ao xulgador ao respecto, a

pesar de que fala de «en ningún caso» cando valora a posibilidade xudicial de determinar a normativa material aplicable. Facultade esta que, dende a óptica da práctica, introduce (só) a posibilidade do xuíz de colaborar coas partes, e que certo sector doutrinal, indo máis alá, ve o xerme da indagación de oficio do Dereito estranxeiro.

Por outra banda, no que atinxe ao obxecto e aos medios de proba, as resolucións sobre sucesión internacional analizadas alíñanse tamén coa práctica clásica neste sentido, seguindo, moitas veces, a fórmula típica de «acreditar a exacta entidade do Dereito vixente, (...) o seu alcance e autorizada interpretación» a través dos medios



Os casos xudiciais nos que sen ven inmersos cidadáns estranxeiros posúen unha serie de especificidades que deben ser contempladas durante o proceso

admitidos pola normativa procesual española (SAP Madrid 23-11-2000; SAP Les Illes Balears 31-03-2004; SAP Granada 19-7-2004).

Por unha parte e nesta cuestión, obsérvase unha tendencia, saudable, a flexibilizar a necesidade de certos medios de proba. Requírese a achega da proba “documental”, fundamentalmente, certificación da normativa estranxeira emitida polas autoridades consulares; p.e. SAP Barcelona 28-09-2004, respecto da certificación do cónsul xeral de Suíza, achegando fotocopias e certificando a reprodución fiel e exacta do orixinal publicado no *Recueil systématique du droit fédéral*, coa súa correspondente tradución. Nada se oporía á súa suficiencia como proba única en certos casos: aínda que é certo que a proba documental só achega proba da vixencia e literalidade da norma estranxeira, é posible que chegar ao coñecemento do seu alcance, contido e interpretación non requira proba pericial complementaria, en ausencia dunha interpretación especial.

Así se entende na SAP Granada 19-07-2004, na que, achegada en autos a Lei irlandesa de sucesións de 1965, actualmente vixente e debidamente traducida, remitida polo *Government Publications-Sur Allianz House*, o xulgador considérase suficientemente ilustrado sobre os límites da facultade de testar e dispor, sobre as lexítimas (artigo 76 Act 1965) e sobre a interpretación do artigo 117 Act 1965, que entende, en relación cos fillos, como un «dereito alimenticio a cargo da herdanza», «interpretación que se teña que dar desde a nosa óptica resulta meridiana e non esixe maior probanza»; ou na SAP Barcelona 28-09-2004, na que se afirma que «a referencia á falta de xurisprudencia dos tribunais suízos debe rexeitarse (...), pois entendemos que a interpretación do artigo 91.1 da Lei suíza (...) non xera dúbidas interpretativas». Non así a STS 05-03-2002, que entende «imprescindible acompañar o escrito de demanda de informes xurídicos redactados por xuristas británicos» á hora de probar o Dereito sucesorio inglés.

Non sucede o mesmo, non obstante, respecto da proba “pericial” única, que a STS 23-10-1992 considerou non suficiente, requirindo documental. Tampouco, “mero informe” emitido por letrado irlandés na SAP Granada 19-07-2003, que non constituíu proba suficiente; ou “simples fotocopias de diversas normas illadas”, das que fala a SAP Madrid 23-11-2000, que non lle serven para acreditar o Dereito sucesorio americano. Máis extensamente, a SAP Alacant 28-12-2001, respecto da sucesión dun nacional alemán.

Vinculado co que se acaba de expoñer, pode observarse como é o xulgador o encargado de interpretar directamente a normativa estranxeira aplicable e probada (SAP Granada 19-07-2004). Non debe esquecerse que, aínda sendo conscien-

tes da importancia da xurisprudencia estranxeira respecto da interpretación dunha norma estranxeira nun suposto de tráfico externo (con máis dúbidas, a interpretación a través de “perito”, dada a súa vinculación aos intereses dunha parte; STS 23-10-1992), iso non menoscaba a liberdade de interpretación da que goza o xulgador español en exercicio da súa potestade xurisdiccional. Todo iso, ben naqueles casos nos que o xulgador non considera necesaria a proba pericial complementaria (máis dubidosa, SAP Barcelona 28-09-2004), ben naqueles outros nos que se achegou proba tendente a ilustrar o xulgador respecto da interpretación da lei estranxeira: p.e., a SAP Illes Balears 31-03-2004, na que a parte actora achega interpretacións auténticas da norma alemá sobre testamento mancomunado a través de xurisprudencia alemá.

Con todo, máis criticable resulta aquela actitude do xulgador que, achegada a proba documental, non precisa de xurisprudencia ditada polos tribunais do Estado de orixe nin ditame de xurista sobre a súa interpretación (SAP Barcelona 28-09-2004). Non parece responder a unha non-necesidade de achega de (máis) proba dunha normativa sucesoria estranxeira respecto da que se considera xa suficientemente ilustrado, senón á ausencia de impugnación pola parte demandada. De ser así, este comportamento do xulgador aproximaríase a unha doutrina como a dos “feitos admitidos” que, a pesar dalgunha xurisprudencia próxima que a admite, non ten cabida respecto do Dereito estranxeiro: a proba da norma estranxeira producirase por si mesma, con independencia do acordo (ou desacordo) da outra parte. Máis explícita (e recriminable) parece a SAP Granada 19-07-2003, que asume a existencia da norma de conflito irlandesa sobre sucesións de cara a un eventual reenvío de retorno nos termos de «parece amosar a súa conformidade a contraparte».

En fin, vemos como non é boa a despreocupación do lexislador español respecto do tratamento procesual do Dereito estranxeiro. Toda esta disparidade de comportamentos, que o labor recente do TC non conseguiu reducir, ten orixe na existencia dunha normativa reguladora escasa e/ou non suficientemente clara, artigos 12.6 CC e artigo 281 LAC. Se a intención do lexislador foi establecer esta base de regulación e, posteriormente, agardar ao seu desenvolvemento firme pola propia práctica xurisdiccional, quedou lonxe o seu obxectivo: a día de hoxe non existe seguridade á hora de conducirse neste ámbito; máis, con preceptos tan escuros como os referidos (para máis, reformados non hai moito). De aí a necesidade dun modelo único que dote de seguridade xurídica aos participantes, o que, a estas alturas, só parece posible a partir dunha nova reforma, por outra banda, xa solicitada noutros foros.

Celebración de San Raimundo de Peñafort



Máis de trescentas persoas de todos os ámbitos profesionais e sociais de Compostela e Galicia asistiron o pasado 21 de xaneiro aos actos conmemorativos de San Raimundo de Peñafort, organizados polo Colexio de Avogados de Santiago. Nesta ocasión, foron galardoados José Antonio López Graña, ex-presidente do Consello da Avogacía Galega e decano do Colexio de Avogados de Lugo; Senén Barro, ex-reitor da Universidade de Santiago; a Cocifña Económica, e cinco inspectores xefe da Policía Nacional que se xubilaron a finais de 2010.

Unha misa na Catedral de Santiago serviu para dar comezo ao programa festivo e recordar os avogados falecidos no ano 2010. Posteriormente, o pazo de Fonseca acolleu o acto central e, no seu transcurso, o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira, entregou as medallas de ouro da institución a López Graña (apartado de avogados) e Senén Barro (non avogados).

Como lembrou o secretario do Colexio de Avogados, Carlos García Cumplido, na presentación de López Graña, “concorren en José Antonio méritos sobrados para ser merecedor da máxima distinción da institución. López Graña representa e representou na súa dilatada traxectoria profesional a propia esencia da avogacía, solidariedade, lealdade,

dedicación, discreción e, sobre todo, humildade. Os novos avogados e avogadas sen dúbida deben ter como referencia do que significa a avogacía a persoas como a galardoada”.

No seu discurso de agradecemento, López Graña recoñeceuse “abraiado e moi agradecido” pola distinción. Lembrou cando, no ano 1943, chegou a Santiago para estudar e converterse en avogado, “unha profesión que sen dúbida supón moita dedicación e vivir para o cliente”.

O decano do Colexio de Avogados de Lugo rememorou anécdotas da súa longa carreira profesional e destacou “a incorporación da muller ao mundo da avogacía; as mulleres son moi boas profesionais”. Tamén quixo facer unha mención á Escola de Práctica Xurídica de Santiago, “moi boa para os novos licenciados”.

Senén Barro

“De grande preparación cultural e intelectual, Senén Barro confiou no desenvolvemento da Escola de Práctica Xurídica, como instrumento necesario e vital para a preparación dos novos profesionais da avogacía. O ex-reitor sempre foi coñecedor de que a avogacía e a universidade tiñan que entenderse e colaborar para lograr tal fin”. Por estes e outros motivos, a xunta directiva do Colexio de Avogados decidiu galardoar o ex-reitor da Universidade de Santiago.



López Graña, Senén Barro e Esther Seoane, tres dos premiados

Barro declarou a “enorme honra” que supoñía a concesión da medalla, “un agasallo” que agradeceu ao Colexio de Avogados de Santiago. “Estou en representación de moitas persoas que traballaron na USC comigo”, engadiu.

O ex-reitor cualificou os avogados de “profesionais rigorosos” e manifestou o seu desexo de que “a xustiza prevaleza sempre”. Ademais, considerou un “agasallo” a colaboración co colexio para o impulso da Escola de Práctica Xurídica.

O II premio Dereitos Humanos, cunha dotación económica de 1.000 euros, recaeu na Cociña Económica de Santiago, “ao concorrer nela a execución dun dos fundamentos dos dereitos humanos: a dignidade da persoa”, segundo a xunta de goberno do Colexio de Avogados.

Esther Seoane, directora da institución, recolleu o galardón lembrando “a José García Mouriño, que puxo en marcha a Cociña Económica no ano 1891”. Agora, no ano 2011, “quédase pequena”, afirmou, destacando “as carencias persoais e emocionais das persoas que comen alí todos os días”.

“Unha sociedade sen cociñas económicas”

Seoane manifestou que “xa non vale só o factor asistencial, fan falta moitas máis cousas”, ademais de apuntar que “previr custa menos ca curar”. A directora da organización apostou por un maior “investimento en valores” para rematar dicindo: “Quero soñar cunha sociedade que non necesite cociñas económicas”.

Os cinco inspectores xefe do Corpo Nacional de Policía que recibiron a distinción no acto de San Raimundo foron Domingo Mella, Juan Bautista González, Antolín Doval, Domingo Marzoa e Manuel Fernández Nogueira

En nome dos cinco falou Antolín Doval, quen destacou “a estreita colaboración” que houbo sempre entre a policía e os avogados, “xa que son dúas profesións que se complementan moi ben para dar sempre resposta aos cidadáns”.

O acto proseguiu coa xura de 23 novos letrados, todos eles apadriñados e que prometeron ou xuraron

cumprir a lexislación no exercicio da súa profesión. Entre as autoridades presentes estaban o director xeral de Xustiza da Xunta, Juan José Martín; o valedor do pobo, Benigno



Asistentes ao acto no Paraninfo da USC no Pazo de Fonseca



Galería fotográfica dos actos de celebración da festividade de San Raimundo de Peñafort 2011



O valedor do Pobo, Benigno López, entrégalle un dos premios a Esther Seoane, directora da Cocíña Económica de Santiago de Compostela



Antolín Doval, segundo pola esquerda, recibiu un dos galardóns, entregado por Luís García Mañá, xefe superior de Policía de Galicia



Entrega dunha placa ao ex-decano do Colexio de Avogados de Ferrol en recoñecemento á súa traxectoria profesional



O decano do Colexio de Avogados de Lugo, Antonio López Graña, recibiu a Medalla de Ouro no apartado de Avogacía, de mans da concelleira Mar Martín



O actual reitor da USC, Juan Casares Long (dereita) entregoulle a Medalla de Ouro no ámbito externo á Avogacía ao ex-reitor Senén Barro Ameneiro



Mesa presidencial da cea que pechou os actos de celebración da festividade de San Raimundo de Peñafort no Hostal dos Reis Católicos



López; o presidente do TSXG, Miguel Cadenas; o xefe superior de Policía de Galicia, Luís García Mañá; o reitor da USC, Juan Casares Long, e representantes dos grupos municipais do PP, PSOE e BNG no Concello de Santiago.

“Un cabaleiro e un amigo fiel”

O decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira, puxo fin ao acto cun discurso no que, en primeiro lugar, eloxiou a traxectoria das persoas homenaxeadas, comezando por José Antonio López Graña: “Leva 58 anos como avogado e é unha persoa profundamente sincera e humilde, un cabaleiro e un amigo fiel que sempre respecta os demais”. Lembrou o seu labor á fronte do Consello Avogacía Galega entre os anos 2002 e 2009, e destacou a forma de ser da súa dona, “dozura en estado puro”.

De Senén Barrou apuntou que conseguiu unir

a universidade coa sociedade civil e a consecución, durante o seu mandato, do recoñecemento de Campus de Excelencia Internacional para a Universidade de Santiago. Evaristo Nogueira tamén citou o traballo “calado e humilde” da Cociña Económica, “que esperta as nosas conciencias e a importancia de protexer os máis necesitados”.

Na última parte da súa intervención, destacou os valores dos inspectores xefe presentes no acto, desexoulles sorte aos novos letrados e fixo fincapé na necesidade de promover o uso do galego na xustiza e na urxencia de que Santiago de Compostela conte cun novo xulgado contencioso-administrativo.

Xa pola noite, uns 250 profesionais da avogacía da cidade celebraron unha cea no Hostal dos Reis Católicos, poñendo fin á festividade de San Raimundo de Peñafort.



Vista xeral do comedor durante a cea no Hostal



Unha das mesas de convidados á cea de San Raimundo

O Colexio implanta o novo sistema integral de xestión da avogacía (SIGA)

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela concluíu a fase de implantación do novo sistema integral de xestión da avogacía (SIGA). Esta ferramenta informática, que foi desenvolvida polo Consello Xeral da Avogacía Española, dixitaliza todos os procedementos internos e axiliza de forma telemática os servizos que ofrece o colexio tanto aos colexiados coma á cidadanía.

A través deste novo sistema de xestión, o colexiado poderá efectuar moitos dos trámites cotiáns dende o seu despacho. Mediante o acceso seguro co carné colexial, calquera letrado poderá consultar a súa ficha colexial para comprobar e actualizar os seus datos profesionais, bancarios, etc. O programa tamén lle permitirá solicitar documentación, como certificados e outros recibos colexiais, ou consultar a facturación, os expedientes ou calquera outra documentación habitual do trámite colexial.

Pola súa parte, os avogados adscritos á quenda de oficio poderán ademais comprobar os días das gardas; as quendas asignadas, as aboadas e as que están pendentes de declarar; a orde en que figura cada letrado na lista da quenda e tamén a posición que ocupa ata que lle corresponda unha nova designación; a facturación das declaracións trimestrais ou a lista das asistencias efectuadas.

A implantación deste novo sistema de xestión supón un importante avance tecnolóxico de cara a axilizar as xestións do colexio de avogados e dos seus colexiados. Trátase dun proceso de modernización hoxe en día necesario para confluír coas novas mecánicas de traballo informatizado que se veñen incorporando en todos os ámbitos profesionais e da Administración. Ademais, tamén supón para o colexio un elevado esforzo económico, tanto dende o momento da súa implantación coma no posterior mantemento e actualización continua.

Cadro resumo de funcionalidades

Xestión de colexiados/as	Visualización da súa ficha e posibilidade de solicitar modificacións de determinados datos, por exemplo: - Datos xerais (nome, apelidos, data de nacemento, estado civil...) - Datos colexiais (data de incorporación, exercicio, cota por xubilación...) - Datos de contacto (endereço profesional, teléfonos, fax, correo electrónico...) - Datos bancarios - Acceso aos datos propios nos servizos de xustiza gratuíta - Solicitar a alta ou a baixa nunha quenda - Ver quendas e gardas nas que está inscrito - Ver calendario das gardas por cada quenda - Ver a lista de gardas incompatibles - Ver o estado da garda e realizar unha permuta entre gardas seleccionando unha das dispoñibles e o motivo - Ver a lista de retencións aplicadas
Certificacións	Solicitudes de certificados e dilixencias que o colexio poña á disposición do colexiado/a.
Facturador	Acceso aos documentos (facturas, recibos). O colexio evita ter que rem itilos en papel e remitir copias se son solicitadas. - Visualizar facturas/recibos aboados - Informarse de facturas/recibos pendentes de pagar
Xestión de expedientes	En función dos permisos de acceso establecidos polo colexio, permitirase visualizar determinados expedientes.
Quenda de Oficio	Introdución de datos das asistencias e actuacións relacionadas coa quenda de oficio. O sistema permite que exista verificación e comprobación por parte do colexio, xerando constancia da data e do revisor, ou aceptación automática dos datos introducidos.

Este programa de xestión tamén incorpora grandes medidas de seguridade xa que o acceso ao SIGA só se realiza a través do carné colexial con sinatura dixital (certificación dixital ACA), co que se consegue reducir o traballo de administración informática e aumenta o nivel de seguridade de acceso.

Neste momento, aproximadamente o 80% dos colexiados exercentes residentes xa posúen o carné colexial con sinatura dixital. Os colexiados que aínda non o teñen deberán solicitálo para poder beneficiarse das vantaxes que ofrece este novo sistema de xestión.

O colexio ofrecerá pequenas demostracións sobre o funcionamento deste novo programa. Para iso, os colexiados que xa dispoñen do carné colexial con sinatura dixital poderán concertar unha cita co persoal do colexio (na secretaría ou na oficina dos xulgados).

Acceso ao programa:

- Dende a páxina web do Colexio (<https://siga.redabogacia.org/SIGA/sigainit.do>)
- Dende a páxina de Redabogacia: www.redabogacia.org (na sección interna do Colexio de Avogados de Santiago)

Circulares informativas 2011

Circular 01/2011

- Convocatoria de Xunta Xeral 1ª/2011
- Acordo da Xunta de Goberno: Designación xudicial de contador-perito
- Guía colexial 2011

Circular 02/2011

- Servizo común de Rexistro e Reparto
- Comunicación do Xulgado Decano de Ribeira
- Axencia Española de Protección de Datos: sancións por enviar correos a varios contactos sen ocultar as contas

Circular 03/2011

- Convenio de colaboración con Protexdat (protección de datos)
- Xornada sobre o réxime xurídico da responsabilidade ambiental

Circular 04/2011

- Xornada "O impacto da lei de sociedades profesionais no exercicio da avogacía"
- Xornada "Reflexións sobre a xustiza penal"
- Cursos de contabilidade e xestión (IECE)

Novidades lexislativas

Acordo, do 29/12/2010, da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial polo que se publican os acordos de sala de goberno do Tribunal Supremo sobre a composición e o funcionamento das súas salas, seccións, así como a asignación de relatorios que deban quendar os maxistrados e a aprobación das normas de reparto de asuntos entre as distintas seccións de cada sala, para o ano 2011. (BOE núm. 14, 17/01/2011)

Resolución do 13 de xaneiro de 2011 da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado pola que se determinan os requisitos e as condicións para tramitar por vía telemática as solicitudes dos certificados de últimas vontades e os contratos de seguros de cobertura de falecemento e se establecen modificacións no modelo 790 de autoliquidación e solicitude e instrucións, para as solicitudes presenciais e por correo dos certificados de actos de última vontade e contratos de seguros de cobertura de falecemento. (BOE núm. 15, 18/01/2011)

Resolución de 20 de xaneiro de 2011 da Dirección

Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se publican as contías das indemnizacións por morte, lesións permanentes e incapacidade temporal que resultarán de aplicar durante 2011 o sistema para valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación. (BOE núm. 23, 27/01/2011)

Real decreto 303/2011, do 4 de marzo, polo que se modifican o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, e o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, e se reduce o límite xenérico de velocidade para turismo e motocicletas en autoestradas e autovías (BOE núm. 55, 05/03/2011)

Lei 4/2011, do 24 de marzo, de modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para facilitar a aplicación en España dos procesos europeos monitorio e de escasa contía (BOE núm. 72, 25/03/2011)

Acordo da Xunta de Goberno sobre deberes e obrigas deontolóxicas

A Xunta de Goberno, na sesión do 07.06.2011, ante o incremento das queixas que se están a recibir neste Colexio por parte de particulares e dos profesionais, tomou o acordo de circularizar entre todos os letrados/as a necesidade de cumprir os deberes e as obrigas que impón o noso Código deontolóxico e, en especial, os seguintes:

- 1. O letrado/a non poderá achegar aos tribunais, nin facilitarlle ao seu cliente, as cartas, fax, correos electrónicos ou outras comunicacións que reciba do avogado da outra parte, salvo expresa autorización deste último (artigo 5.3).
- 2. A venia non poderá denegarse nin poderá reterse a documentación entregada polo cliente, co pretexto de que non lle foron aboados os seus honorarios.
- 3. O avogado que pretenda iniciar unha acción, en nome propio ou como letrado do seu cliente, contra outro compañeiro polas súas actuacións profesionais, haberá de comunicarllo previamente ao decano para que este realice un labor de mediación (artigo 12.3).
- 4. Nos escritos xudiciais, informes orais e en calquera comunicación escrita ou oral, o avogado/a manterá sempre o máis absoluto respecto ante o avogado da parte contraria, e evitará toda alusión persoal (artigo 12.4).
- 5. O avogado non poderá aceptar encargos profesionais que impliquen actuacións contra un cliente anterior, cando exista risco de que o segredo das informacións obtidas na relación co antigo cliente poida ser violado, ou que delas puidese resultar beneficio para o novo cliente.

O incumprimento destas obrigas está considerado como infracción grave, de acordo co artigo 85 do Estatuto xeral da avogacía e co artigo 103 dos Estatutos do ICA de Santiago, e poderá sancionarse coa suspensión no exercicio da avogacía por un prazo de tres meses (artigos 87 do Estatuto xeral da avogacía e 106 dos Estatutos do ICA de Santiago).

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON AMIOCAR

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela asinou un convenio con Amiocar (concesionario oficial de BMW e Mini en Santiago) polo que todos os colexiados poderán beneficiarse de importantes descontos na adquisición dos vehículos ofertados. As promocións deste convenio serán aplicables para pedidos e matriculacións que se realicen nos meses de xuño e xullo de 2011.

O convenio establece descontos que oscilan entre o 9% e o 19% segundo o modelo. A aplicación das promocións especiais está condicionada á acreditación da situación de colexiado/a, que se poderá efectuar presentando o carné colexial ou mediante un informe ou certificado do Colexio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CULTUREKA

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela asinou un convenio de colaboración coa empresa Cultureka para ofrecerlles a todos os colexiados/as servizos de deseño, programación e maquetación de páxinas web así como outros servizos de comunicación.

O convenio establece descontos especiais en todos os servizos de “presenza web” que ofrece a antedita empresa: deseño web personalizado; estilo profesional e adaptado ao sector; dominio propio .com; hosting e correo electrónico; contas de correo propias; estatísticas de visitas; posicionamento SEO e alta en buscadores; estándares actuais; tradución para web bilingüe; mantemento e xestión de contidos, etc.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON PROTEXDAT

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela asinou un convenio de colaboración coa empresa Protexdat para ofrecerlles a todos os colexiados/as servizos de adaptación, consultoría, auditoría e formación en relación coa aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e do Real decreto 1.720/2007, de medidas de seguridade.

Segundo o nivel de seguridade ao que se axuste o despacho, as tarifas son as seguintes:

Nivel básico	300,00 €	Prezo colexiado/a	150,00 €
Nivel medio	375,00 €	Prezo colexiado/a	225,00 €
Nivel alto	450,00 €	Prezo socio colexiado/a	300,00 €

Asistencia xurídica gratuíta: por suposto, pero só para quen realmente o precise

Juan José Martín Álvarez
Director xeral de Xustiza



O artigo 119 da Constitución española establece que “a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar”.

É precisamente este último aspecto, o relativo aos beneficiarios da quenda de oficio, o que motivou a petición por parte de todas as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza para que o Goberno central modifique canto antes a Lei de asistencia xurídica gratuíta, do ano 1996. O obxectivo, expresado por unanimidade, é garantir que este servizo fundamental se siga prestando a aquelas persoas que máis o necesitan e se evite que se beneficien do sistema persoas que teñen recursos para custear un avogado.

Así o fixemos os responsables autonómicos de Xustiza no seo da última Conferencia Sectorial en Madrid, onde tamén advertimos que de seguir así o modelo será insostible, especialmente desde o punto de vista económico. É o caso de Galicia, que cando asumiu esta competencia, no ano 1995, recibiu 505 millóns de pesetas -pouco máis de 3 millóns de euros- pola transferencia. Hoxe, quince anos despois, o gasto en asistencia xurídica gratuíta multiplicouse por catro.

O froito desta petición -na que insisto en que todas as comunidades autónomas mantivemos unha postura conxunta e consensuada- é un borrador de anteproxecto de modificación da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta. Entre os aspectos cuxa modificación reclamabamos desde a Xunta figuran o requisito de comprobar a insuficiencia de recursos dos beneficiarios do servizo en todas as xurisdicións para evitar que se conceda o dereito *ope legis* a determinadas persoas ou colectivos; a equiparación ao matrimonio das parellas de feito legalmente recoñecidas; a ratificación das solicitudes para os procedementos en segunda e posteriores instancias ou a implantación de indicadores da calidade do servizo.

Neste sentido, desde a propia Consellería de Presidencia quixemos tamén potenciar a mellora do funcionamento do sistema e para iso constituímos o pasado 13 de decembro o Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia. Este organismo fixo a encomenda de avaliar o funcionamento do sistema e establecer protocolos de calidade na prestación do servizo, así como tamén en dar os pasos necesarios para acadar a interconexión telemática entre os colexios, as comisións de asistencia xurídica gratuíta e a propia Administración, e avanzar así nun proxecto de oficina virtual de asistencia xurídica gratuíta. Esperamos en breve ver os froitos da encomenda que ha de beneficiar a prestación do servizo aos nosos cidadáns.

(Un) galego na Administración de xustiza

Xosé Febrero, avogado
Colexiado 815 do ICA Santiago

Hai uns días propuxéronme expresar as razóns do uso que fago do galego na miña práctica profesional como avogado. Vivo en Galicia, que ten a riqueza de pertencer á órbita dun gran idioma como é o castelán, que partillan máis de 500 millóns de persoas no mundo; pero Galicia tamén ten un idioma de seu, que comparten ? con pequenas diferenzas dialectais? 250 millóns de habitantes no mundo, dado que eu son da opinión de que o galego e o portugués son variantes dialectais dun único sistema lingüístico.

Somos, os galegos, a segunda sociedade humana do planeta que, ao pertencer de seu a dúas comunidades lingüísticas internacionais, como son a comunidade do español e a comunidade lusófona, conta con máis falantes nativos (só por detrás do chinés mandarín), podéndonos comunicar con máis de 750 millóns de persoas, máis das que ten o inglés como lingua nai.

Lingua	Falantes 1ª lingua materna	Falantes como 1ª e 2ª lingua	Falantes, lingua materna, 2ª e estranxeira
Chinés mandarín	941.000.000.-	1.133.000.000.-	1.133.000.000.-
Español	400.000.000.-	450.000.000.-	+ 500.000.000.-
Inglés	375.000.000.-	508.000.000.-	1.000.000.000.-
Hindi	294.400.000.-	484.500.000.-	552.000.000.-
Bengalí	207.000.000.-	211.000.000.-	211.000.000.-
Arabe	150.000.000.-	246.000.000.-	325.000.000.-
Portugués	240.000.000.-	240.000.000.-	250.000.000.-
Alemán	105.000.000.-	185.000.000.-	190.000.000.-

Somos xuristas nun país que ten un idioma de seu, un idioma que, con mínimas variantes dialectais, é falado por 250 millóns de persoas en todo o mundo, e entre eles, unha das potencias emerxentes do novo milenio: Brasil. Somos tamén herdeiros da riquísima tradición xurídica española, cun idioma que é falado por máis de 500 millóns de persoas en todo o mundo. Estamos integrados en Europa, e debemos aplicar no noso eido e no noso ámbito todo o corpus xurídico comunitario, proceso que está en formación. Os nosos cidadáns emigraron a varios países de Europa e de América, algúns importan e exportan a todo o mundo, traballan en empresas internacionais, e algúns forman empresas internacionais, sendo pioneiros en empresas pesqueiras mixtas, e logo en todas as actividades para poder externalizarse dende Galicia.

Pero aínda así, parece que na nosa alma se pegaron as eivas das derrotas que sufrimos na historia, como galegos e como españois; esquecendo as nosas vitorias (como galegos e como españois) e non somos quen de mirar con ollos limpos o que somos e a onde podemos chegar. A actual crise económica é unha escusa para minusvalorarnos unha vez máis, sen poñer de manifesto onde estabamos nos anos 50, onde estabamos nos anos 80 e onde estamos hoxe.

Vivo, vivimos, nun país que sempre estivo aberto ao

mundo, no que non de balde somos a meta das peregrinacións dende hai mil anos, antes nun ámbito europeo e agora de todo o mundo, e temos dúas linguas nas que nos podemos entender e nas que podemos pedir xustiza.

Por que usar o galego na Administración de xustiza?

Algo de impostura hai, dado que aquí, neste país, cun idioma de seu, todos fomos educados e alfabetizados en castelán; independentemente do que nos falasen na casa, todos aprendemos a ler en castelán e tivemos libros en castelán, mais non en galego. Tamén, os que nos dedicamos á administración de xustiza estudamos en facultades de dereito nas que nos deron clases en castelán, e tivemos libros en castelán, de profesores e mestres que nos ensinaron en castelán.

Algún me ten feito o comentario de que, dado que tiven que estudar en castelán e teño que interpretar normas que están redactadas en castelán, se non me sería máis doado facer as miñas demandas e os meus escritos procesuais

tamén en castelán. A verdade é que teñen razón. Algunhas veces si sería máis doado, e algúns escritos tamén os fago en castelán, pero as razóns, as verdadeiras razóns polas que uso o galego, son máis profundas e máis fortes.

En primeiro lugar, son avogado. Eu son avogado porque teño vocación de defender o feble, o humilde e o desprotexido. En realidade, a través do meu traballo estou intentando protexer o neno que eu fun, un neno feble, humilde, gordecho, desconcertado e desprotexido. Cando estudaba en Ourense, nos salesianos, falando en castelán bastantes veces tiven que aturar os curas mesetarios que se mofaban do meu acento ou da miña imposibilidade de distinguir o son do 'gue' do son do 'iota castelán', ou das dificultades que tiña miña nai cando ía recibir as queixas que a miña mala cabeza lle daba e tiña que aturar a suficiencia e desprezo que algúns daqueles curas manifestaban polas súas dificultades co castelán. Unha vez, un cura díxolle a miña nai que o seu fillo era «inteligente, pero muy vago para trabajar», e miña nai contestoulle que si, «que ya sabía que era moi vago», e aquel cura botou unha risada e díxolle «bajo no, señora, que está alto para su edad, vago, he dicho vago». Miña nai non deu un chío de volta á casa, pero soubo que se riran dela e do seu fillo, e sentiuse humilde e maltratada, como me sentín eu.

Máis tarde, ao medrar, o descubrimento da literatura galega, da cultura galega, (e despois da literatura e da cultura en portugués) foi unha liberación. Nin eu nin miña nai eramos os incultos, xa que falabamos na nosa lingua perfectamente, e aínda nos defendiamos noutra allea, (de feito, xa eramos bilingües); os incultos eran eles, que só falaban no

seu e desprezaban e aldraxaban canto ignoraban.

En segundo lugar, defender o galego pareceume e parécese unha das estratexias máis intelixentes, eficientes e prioritarias para manter e incrementar o noso nivel de vida social. O galego forma parte do que son, e do que é este país, e se algún día se perdese o idioma, tamén se perdería gran parte do pulo que temos como sociedade. Os galegos somos o 6,5% dos habitantes de España, e parte da poboación nunca estivo suficientemente alfabetizada; as novas xeracións que si fomos alfabetizadas fómolos en castelán. Pois, a pesar diso, a porcentaxe de páxinas web ou de blogs en galego ? que debería estar en relación cos pouquiños que somos? supón o 16-18% de todas as páxinas web e blogs de toda España, e somos a cuarta autonomía na publicación de libros despois de Cataluña, Madrid e País Vasco. A Wikipedia en inglés dispón hoxe de 3.585.377 artigos en inglés. O segundo idioma máis usado é o alemán, con 1.198.838 artigos, e a continuación o francés, que chegou a 1.000.000 de artigos en 2010. A Wikipedia en español dispón de 736.800 artigos (feitos por usuarios de todo o mundo en español, de España e de Iberoamérica). Está ben, pero a Galipedia (versión en galego da Wikipedia) dispón hoxe de 70.000 artigos en galego, feitos exclusivamente dende Galicia, que supón o 10% dos artigos en español. E na variante portuguesa, a Wikipedia en portugués, dispón de 677.445 artigos, feitos por usuarios de Portugal, de Brasil, de Galicia, e do resto dos países lusófonos.

Isto quere dicir que, dado que o castelán é o idioma nativo de 450 millóns de persoas, a presenza de Galicia nas bases de datos internacionais correspondería cun país de 45 millóns de galegos, e non chegamos a 2.800.000 persoas.

Pero ademais, en Galicia, por sermos galegos e dispoñer de dous idiomas, temos acceso a 1.484.245 artigos en español e galego-portugués e, polo tanto, despois do inglés posuímos a maior base de datos mundial. Esa sobrerrepresentación é debida ao idioma, só á vontade dos galegos de seguir tendo unha identidade. Sen o idioma, teríamos unha produción intelectual moitísimo menor, e unha presenza máis axeitada aos catro gatos e medio que somos.

En terceiro lugar, en galego son eu, en galego penso e en galego oía os contos de meu avó, e, en galego, río. A maioría dos meus clientes son galegofalantes, e a totalidade deles son galegopensantes. E, aínda que poder verter ao castelán nos meus escritos as súas vivencias e as súas circunstancias, e, de feito, escribo e argumento bastante ben tamén en castelán, iso non deixaría de ser como os traxes do Corte Inglés, algo alleo, levemente alleo. O meu xeito persoal de ser no mundo é ser galego, pensar e vivir como galego.

En cuarto lugar, redactar en galego as miñas demandas e os meus escritos procesuais, dada a miña formación xurídica en castelán, obrígame a un maior esforzo de atención; teño que ser máis consciente do poder das palabras e do verdadeiro sentido das miñas expresións, e véxome obrigado a buscar un estándar de calidade, incluso superior ao que me esixiría en castelán.

Cando facemos unha demanda ou un escrito procesual, temos que expresar coa máxima economía de medios e coa máxima exactitude as razóns e os argumentos do noso cliente, debendo evitar os erros, as tautoloxías, as redundancias e as imprecisións en prol do éxito do noso cliente. Temos que recoñecer que a fonte principal dos erros nos que incorremos ? inevitables por moito que levemos na profesión? é debida ao exceso de confianza, a dar por sentado presupostos, axiomas e feitos, e a escoitar só o que cremos que imos escoitar e ler o que esperamos ler e non o que temos diante dos ollos.

En realidade, ler só len os cativiños que están no proceso de alfabetización: o 'p' co 'o' lese 'po'; o 'm' co 'a' lese 'ma'. Os adultos, por contra, non lemos, identificamos as verbas, fixándonos só na primeira e na última letra e, por tanto, podemos ler un texto aínda que as letras estivesen desordenadas dentro da verba. Se se me permite poñer un exemplo, tente ler o seguinte texto ata o final sen fixarse nos erros ortográficos:

En difreetnes invesigtacinós os cinefíticos inlgeses desc-
buriron, que é de pcoua impotrancia en que odre etsán as
lertas nas vebras, o miás improtnate, é que a prirmeia e
úlimta lerta teefñ que esatr no seu luagr.
O do meido non é imoprtnate, anída así pdoes ler.
Poruqe nós lmeos as vebras enetiras e non lerta por lerta.

Eu mesmo, por usar un formulario confeccionado por min, estiven dirixindo a totalidade das demandas conciliatorias laborais durante tres anos ao inexistente Servizo de Medicación, Arbitrase e Conciliación, en vez de dirixilas ao real Servizo de Mediación, Arbitrase e Conciliación (SMAC), dependente da Consellería de Traballo. O curioso do caso é que eu non me decatei, pero tampouco os letrados conciliadores que recibían os meus escritos, ou os múltiples compañeiros de profesión cos que tiven conciliacións laborais ao longo deses tres anos.

Debemos evitar os automatismos na confección dos nosos escritos procesuais e facer que as nosas intervencións sexan sempre razoadas e produto da reflexión, en expresión galeguísima, 'falar con permiso da cabeza', e, para iso, un instrumento absolutamente dúctil, preciso e manexable é o idioma galego, que se nos ofrece 'virxe', sen a carga da tradición xurídica que teñen o castelán ou o portugués.

En quinto lugar, o galego non ten a tradición xurídica que ten o castelán, debido a que o poder neste país se manifestou dende o século XV en castelán, e non podemos nin debemos asumir a tradición xurídica do portugués, dado que a tradición xurídica maniféstase na lingua, pero é un produto dos distintos avatares históricos que sofre unha sociedade.

Pero esa falta de tradición xurídica neste momento non é unha eiva, senón que pode ser unha oportunidade para crear unha tradición xurídica expurgada de anacronismos, e que busque a eficacia na aplicación das normas, a claridade expositiva e o achegamento á sociedade na que se desenvolve.

Moita da linguaxe xurídica española é tributaria da tradición do século XIX, e nós, á hora de facer os nosos escritos non estamos na obriga de verter de xeito acrítico os textos en castelán para o galego, senón que debemos, e podemos, buscar unha linguaxe máis clara e máis precisa. Uns exemplos abundan para expresar esta idea:

Unha expresión nun escrito procesual, que en castelán podería ser: AL JUZGADO SUPlico, nunha tradución literal ao galego sería: AO XULGADO SUPlico. Tal fórmula, aínda sendo habitual, non se corresponde co papel que no século XXI se lle concedeu á Administración de xustiza, na que os cidadáns, en uso dos nosos dereitos, solicitan unha decisión xurídica favorable, e tal 'éxito' está en función de que a súa posición xurídica sexa máis acorde co ordenamento e non en función da énfase que poida poñer en pedila. Por tanto, tal expresión debería traducir preferentemente por AO XULGADO SOLICITO.

A expresión castelá “en su virtud”, que se podería traducir ao galego por “na súa virtude”, debería non obstante substituírse por outra expresión menos arcaica, como “polo que” ou “por todo o que”.

O obxectivo debe ser achegar a Administración de xustiza aos usuarios e demandantes desa propia xustiza, expurgando os nosos escritos de xiros e expresións que veñen carretados pola tradición pero que non lles achegan claridade aos nosos escritos.

Por qué usar galego na Administración de xustiza? E a pesar de todo, aínda hai xente que considera que se debería usar exclusivamente o castelán, de cara a unha maior claridade. Danse unha serie de obxeccións, como por exemplo, que todos temos formación xurídica en castelán, que facelo en galego “pode que non lle guste aos xuíces”, ou aínda, que contando coa benevolencia dos xuíces, se lles obriga a un esforzo suplementar, e poderíamos correr o risco de que non entendese ben a nosa demanda. Lembro que nun xuízo de seguridade social no que representaba a un traballador afectado por un accidente laboral, este traballador, interrogado polo xuíz, contáballe como sufrira o accidente dicindo:

«Estabamos un compañeiro e mais eu, cargando na camioneta, e cando erguíamos unha vigueta entre os dous, sentín unha picada nas costas e, como ao día seguinte me seguía doendo, fun a que me desen a baixa...»

O xuíz estimou a demanda e na súa sentenza en galego manifestaba nun dos feitos declarados probados:

«Que traballando cun compañeiro de traballo sentiu unha picada nas costas ao levantar un peso.»

A outra parte interpuxo un recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza, que verteu a sentenza ao castelán e traduciu o anterior parágrafo do seguinte xeito:

«Que trabajando con un compañero de trabajo sintió una picadura en las costillas al levantar un peso.»

“Unha picada nas costas” debería traducir ao castelán como “una punzada en la espalda”. Pero a pesar

dese excéntrico cambio, nos feitos probados o Tribunal Superior confirmou a sentenza orixinal.

Esa eventual dificultade que poden ter os xuíces e tribunais no uso dun idioma no que non teñan tanta familiaridade para formar discursos e argumentacións xurídicas non debe ser unha escusa para que cada cidadán poida recibir a xustiza no seu idioma, dado que tan estraña pode ser para o xuíz relator no exemplo anterior a expresión “unha picada nas costas”, como para moitos dos meus clientes expresións como “ley rituarial” en vez de “Lei de procedemento”; “habida cuenta que” en vez de “tendo en conta que”; “acto de vista” en vez de “acto de xuízo”; “el actor” en vez de “o demandante ou o solicitante”; ou “normas substantivas” en vez de “lei na que baseamos o noso dereito”.

Ultimamente preténdese que a opción polo inglés sexa incompatible con desenvolver en todo o seu potencial as posibilidades da lingua galega en todos os ámbitos, e tamén no da xustiza. O inglés pretende ser a nova lingua franca, o novo latín, pero a realidade e os feitos desbotan esa pretensión, que eu creo que chega ao nivel de mito:

- a) Ningunha das moitas organizacións multinacionais ou multigobernamentais (como son a ONU, a Unión Europea e a Interpol) usa apenas o inglés, e este é válido para a maioría das ONG internacionais. O feito é que tanto a ONU como a Unión Europea están obrigadas a aumentar o número de linguas oficiais varias veces, e auxiliarse a través de tradutores demostra este feito.
- b) A opinión de que se pode utilizar o inglés en todo lugar do mundo é unha ilusión irreal. Unha visita a América do Sur, rexións en África onde se fala, entre outras linguas, o francés; Rusia, China, Xapón, etc., mostra claramente que se trata dunha ilusión no caso de que se tente comunicar con persoas fóra dos grandes hotéis, compañías aéreas e afíns. Mesmo en Europa frecuentemente non é posible usar o inglés e, cando o é, a gama de temas que poden ser tratados é xeralmente limitada.
- c) O estudo do inglés ségueme parecendo imprescindible, pero débese formular con realismo o obxectivo que se quere conseguir: Acceder a toda a base de datos en inglés?, comunicarse verbalmente con falantes de inglés en viaxes?, acceder a clases e formación en inglés en materias específicas? estudar e gozar dunha edición orixinal do *Finnegans Wake* de James Joyce? Sempre pagará a pena estudar inglés para ler en versión orixinal a Joyce ou a Dickens, ou para viaxar dende xa, pero se o noso obxectivo é acceder ao corpus bibliográfico en inglés, xa hoxe contamos con poderosos motores de tradución en liña e en tempo real, e non hai dúbida entre os expertos de que nun prazo de 15 a 20 anos un falante en calquera idioma poderá manter unha conversa en tempo real, e persoalmente, con outro falante de calquera outro idioma.

Pero nese prazo, corremos o risco de perder a nosa alma, dedicándonos a esquecer o galego, a poñernos a estudar a medias o inglés, nas mesmas academias que hai 35 anos nos daban clase de BASIC, ou COBOL, xa que nos dicían que no futuro ? o noso presente dende hai 20 anos? só pode-

rían prosperar os que “soubesen informática”.

O estudo dun novo idioma é sempre enriquecedor, pero o que critico é a postura dos que queren esquecer o galego, aducindo a utilidade do inglés, na que todos estamos de acordo. Temos que afacer nos a manexar con familiaridade varios idiomas dado que é unha esixencia que xa temos no presente. Hoxe mesmo, e por mor do Regulamento (CE) nº 1393/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, relativo á notificación e ao traslado nos Estados membros de documentos xudiciais e extraxudiciais en materia civil ou mercantil (notificación e traslado de documentos), que pretende mellorar e facilitar a transmisión de documentos xudiciais e extraxudiciais en asuntos civís e mercantís entre os Estados membros, estamos na obriga de utilizar varios idiomas na Administración de xustiza española.

O Regulamento citado establece unha serie de procedementos de notificación e traslado de documentos, no caso de España, directamente de xulgado europeo a xulgado europeo.

No caso de España, os organismos transmisores son os propios xulgados de instancia, de instrución e sociais, que deben, no caso de necesitalo, facer tal requirimento de documentación a través de formularios establecidos no propio regulamento. Cada país debe establecer que idiomas son admisibles directamente, sen necesidade de tradución xurada. O resultado práctico é que todos os xulgados e tribunais de Europa deben colaborar directamente cos xulgados e tribunais españois no ámbito do regulamento, como se estivésemos en presenza doutro tribunal ou xulgado español, ao seu requirimento, e os xulgados e tribunais españois deben actuar do mesmo xeito ante o requirimento de calquera xulgado ou tribunal de calquera estado membro da Unión Europea.

Pero, para dirixirse a un xulgado ou tribunal español, que idioma se ten que usar? O artigo 4.3 do regulamento resolve esta dúbida dispoñendo:

«O documento que deba transmitirse irá acompañado dunha solicitude no formulario normalizado que figura no anexo I. O formulario cubrirase na lingua oficial do Estado membro requirido ou, cando haxa varias linguas oficiais no dito Estado membro, na lingua oficial ou nunha das

linguas oficiais do lugar en que deba efectuarse a notificación ou o traslado, ou noutra lingua que o Estado membro requirido indicase que pode aceptar. Cada Estado membro deberá indicar a lingua ou as linguas oficiais das institucións da Unión Europea distintas da súa ou das súas en que se aceptará que se complete o dito formulario.»


Isto é, un requirimento feito por calquera tribunal europeo a un tribunal español debe:

- Comunicarse en español (por ser a lingua oficial do Estado)
- Comunicarse noutra lingua oficial do lugar onde se teña que facer o requirimento (que no caso de Galicia será tamén o galego)
- Comunicarse noutra lingua oficial da Unión Europea, na que España indicase que acepta o dito formulario.

Segundo o artigo 10, do Anexo II do Regulamento, España acepta que o certificado de cumprimento lle sexa remitido en inglés, francés e portugués ademais de en español.

Costa entender que o uso do galego na Administración de xustiza en Galicia sexa aínda hoxe motivo de receos e críticas, cando os tribunais de toda España están obrigados a atender requirimentos documentais feitos por algún tribunal europeo en (1) inglés, (2) francés e (3) portugués, á parte de tamén en español, e sen necesidade de tradución. Mesmo se pode dar o paradoxo de que algún operario xurídico en Galicia teña que atender un requirimento xudicial de documentos en calquera deses idiomas, por exemplo, en portugués, e poña reparos e tachas a usar o galego.

Por último, nós, os operadores da Administración de xustiza, debémonos aos cidadáns ? aos que tamén cun algo de sorna lles chamamos “xusticiables”? e debemos actuar para que esta Administración sexa un ámbito menos hostil e máis amigable para os destinatarios desa xustiza, sen esquecer que unha porcentaxe de máis do 91% fala galego, é entendido polo 99% da poboación ? segundo un censo realizado en 2001? e, polo tanto, un mínimo exercicio de coherencia sería usar o mesmo idioma que se usa nas rúas e na vida cotiá.



Soma nota!



Un dos significados de abonar é «subscribirse a unha publicación, servizo, etc.». Habitualmente emprégase como pronominal -abonarse- co significado emparentado «facerse abonado de algo». Á súa familia léxica pertencen abono, abonamento ou abonado, -a:

«Xaime abonarase a ese xornal para recibilo na casa todos os días»

No entanto, a forma aboar en galego ten os significados de «pagar unha cantidade» ou «dar por bo ou certo». Na súa familia léxica concorren asemade formas como aboamento, aboador, -a ou aboadado, -a:

«Deberá aboar as taxas correspondentes nun prazo de 20 días»

Novidades Biblioteca

- LOSCERTALES FUERTES, Daniel. Propiedad horizontal: comentarios, formularios y jurisprudencia. Madrid: SEPIN, 2009.
- COBO PLANA, Juan Antonio. La valoración del daño a las personas por accidentes de tráfico. Barcelona: Bosch, 2010.
- ENJUICIAMIENTO civil comentarios a las reformas procesales: ley 1/2000, de 7 de enero, reformada por la leyes 13/2009 y 19/2009. Madrid: SEPIN, 2010.
- GUIJARRO HERNÁNDEZ, José Javier. La responsabilidad civil en el ámbito del seguro obligatorio del automóvil: el consorcio de compensación de seguros y OFESAUTO. Madrid: La Ley, 2009.
- PABLO MONTIEL, Juan. Analogía favorable al reo: fundamentos y límites de la analogía *in bonam partem* en el Derecho penal. Madrid: La Ley, 2009.
- GALLEGO SÁNCHEZ, Esperanza. El director general de las sociedades anónimas y de responsabilidad limitada. Madrid: La Ley, 2009.
- FERNÁNDEZ PÉREZ, Nuria. El nuevo régimen de la contratación a distancia con consumidores: especial referencia a la relativa a servicios financieros. Madrid: La Ley, 2009.
- AGUILARRUBIO, Marina. Crédito tributario y concurso de acreedores. Bilbao: La Ley, 2009.
- SÁENZ DE PIPAÓN Y MENGES, Javier. La ciudad, objeto de protección penal: acerca del llamado delito urbanístico. Madrid: La Ley, 2009.
- VARGAS ARAVENA, David. Daños civiles en el matrimonio. Madrid: La Ley, 2009.
- MONTERO GARCÍA-NOBLEJAS, M^a del Pilar. Las opciones sobre acciones como sistema de retribución de administradores de sociedades anónimas cotizadas. Madrid: La Ley, 2009.
- PULGAREZQUERRA, Juana. El concurso de acreedores: la declaración. Madrid: La Ley, 2009.
- URBANO CASTRILLO, Eduardo. La deuda fiscal: Cuestiones candentes de derecho administrativo y penal. Madrid: La Ley, 2009.
- FUENTES GUÍÑEZ, Rodrigo Abelardo. La extensión del daño contractual. Madrid: La Ley, 2009.
- CÓDIGO técnico de la edificación. Madrid: La Ley, 2009.
- ESCRHUELA MORALES, Francisco Javier. Guía práctica de la contratación del sector público. Madrid: La Ley, 2009.
- MORENO MOLINA, José Antonio. La nueva Ley de contratos del sector público: estudio sistemático. Madrid: La Ley, 2009.
- ENJUICIAMIENTO criminal: comentarios y jurisprudencia. Madrid: SEPIN, 2010.
- RIVERO HERNÁNDEZ, Francisco. El usufructo. Navarra: Civitas, 2010.
- CONTENCIOSO administrativo: comentarios y jurisprudencia. Madrid: SEPIN, 2020.
- ESQUEMAS procesales, civiles, penales y concursales. Madrid: La Ley, 2009.
- TRATADO de extranjería: aspectos civiles, penales, administrativos y sociales. Navarra: Aranzadi, 2010.
- CAMPOS DAROCA, José María. Justiprecio y expropiación forzosa: valoraciones, tratamiento procesal, sustantivo y tributario. Barcelona: Bosch, 2010.
- PINTO ANDRADE, Cristóbal. Pactos matrimoniales en previsión de ruptura. Barcelona: Bosch, 2010.
- SERNA BOSCH, Joaquín de la. La subasta judicial en la ley de enjuiciamiento civil: la ejecución en subasta frente al impago de deudas en épocas de crisis. Barcelona: Bosch, 2010.
- COMENTARIOS a la Ley de Prevención de Riesgos Laborales. Navarra: Aranzadi, 2010.
- LEY de enjuiciamiento civil: Contiene las leyes de enjuiciamiento civil, en doble redacción, antes y después de la reforma operada por la Ley 13/2009, para la implantación de la nueva oficina judicial. Navarra: Aranzadi, 2010.
- PROCEDIMIENTO laboral: comentarios y jurisprudencia. Madrid: SEPIN, 2010.
- ESQUEMAS procesales civiles, penales y concursales adaptados a la reforma de la nueva oficina judicial: edición especial para colegios profesionales. Madrid: La Ley, 2010.

Acordo de colaboración coa editorial «La Ley - Grupo Wolters Kluwer»

A editorial La Ley-Grupo Wolters Kluwer, consonte o acordo de colaboración subscrito co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, cedeu gratuitamente para a biblioteca as seguintes obras:

Responsabilidad civil ex delicto

Autor: Carlos Granados Pérez
Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 736



Inmigración y movilidad de los trabajadores

Coordinador: Ricardo Escudero Rguez.
Ano: 2010
Edita: LA LEY
Páxinas: 764



Guía práctica de la nueva oficina judicial

Coordinador: Julio Banacloche Palao
Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 620



Derecho penal del terrorismo

Autor: Mariona Llobet Anglí
Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 561



Los contratos de distribución

Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 926



Tratado del sector público estatal

Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 1.636



Los plazos en el proceso de despido disciplinario

Autor: Javier San Martín Rodríguez
Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 312



El interrogatorio de testigos en los procesos civil y penal

Autor: Jose Manuel Chozas Alonso
Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 783



Responsabilidad civil de las profesiones jurídicas

Autor: José Almagro Nosete
Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 762



Mercado laboral sostenible 2010 y responsabilidad social

Autor: Carlos de la Torre García
Edita: LA LEY
Ano: 2010
Páxinas: 433



Charo Barca, presidenta da Fundación Andrea
Emilia Vázquez, decana da facultade de Ciencias Económica e Empresariais da USC
Xosé Otero Pombo, empresario
Antonio López, conselleiro do Consello de Contas de Galicia



Charo Barca, presidenta da Fundación Andrea

Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

CHARO BARCA: Os letrados/as composteláns, son, en termos xerais, profesionais magnificamente formados, con importantes valores arraigados como a procura da excelencia ou a competitividade. Cómpre ter en conta que esta profesión, como moitas outras, esixe dunha actualización constante e a súa evolución pasa pola formación permanente, a adaptación aos cambios e tamén ás novas tecnoloxías.

EMILIA VÁZQUEZ: Si, por suposto, sobre todo sabendo que unha gran parte dos profesionais están formados na facultade de Dereito da nosa Universidade, unha das máis prestixiosas de España, así como na Escola de Práctica Xurídica.

XOSÉ OTERO POMBO: Non teño un coñecemento sobre a formación profesional dos letrados/as composteláns que me permita dar unha opinión razoada sobre este tema. Pola miña relación profesional considero aceptable a formación.

ANTONIO LÓPEZ: Sen dúbida ningunha eu creo que si. Por unha banda porque a grandísima maioría pasaron pola facultade de Dereito compostelá, institución que dende 1649 ben formando xuristas en Galicia. Esa tradición mesturada coa modernidade avalan a formación que se imparte. Pero, por outra banda, concorre outro factor fundamental para a boa formación dos avogados en Compostela, como é a Escola de Práctica Xurídica.

Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

CHARO BARCA: Por suposto como en calquera outra profesión, cando un necesita dos servizos dun avogado, pode atopar persoas de moi diversa natureza, pero dende a miña experiencia, nos casos nos que dende a Fundación e nalgún momento necesitamos de asesoría ou consello dun avogado/a, a atención recibida e as xestións que nos realizaron foron sen dúbida de todo satisfactorias.

EMILIA VÁZQUEZ: Non adoito solicitar os servizos da avogacía persoalmente, pero polas referencias que teño podo dicir que sempre a percepción é de estar a recibir un servizo de calidade e cunha atención personalizada.

XOSÉ OTERO POMBO: O servizo de calidade valórase moitas veces polo resultado, o que non sempre debería ser así. Creo que o coñecemento e a implicación é o valorable, e como en todas as profesións hai de todo.

ANTONIO LÓPEZ: En termos xerais eu diría sen dubidar que si, que o servizo que prestan os avogados e avogadas é de calidade, tanto pola formación á que xa nos referimos, como polo papel que tamén xogan neste eido os Colexios de Avogados como organizacións profesionais que velan por esa calidade.

Que consellos lles daría aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

CHARO BARCA: Para moitos cidadáns a principal cualidade dun letrado é a súa capacidade de pacto ou de negociación, como mediadores en conflitos de moi diversa índole; a súa función desactivadora de problemas ou mediadora en casos de relacións enquistadas ou en situacións difíciles, permite que a percepción que deles teña a cidadanía, sexa xa considerablemente boa.

EMILIA VÁZQUEZ: Só que continúen co seu labor coas boas prácticas habituais. Como en todas as profesións, sempre son noticia aqueles casos que prexudican a imaxe do estamento, pero non podemos esquecer que son casos illados.

XOSÉ OTERO POMBO: Deberían implicarse nos asuntos con tempo, e non no último día. Falar con claridade ao cliente axudaría á súa estima profesional.

ANTONIO LÓPEZ: Resúltame difícil dar consellos, entre outras cousas porque nunca exercín como avogado. Pero en calquera caso a min paréceme que hai dous elementos clave para mellorar esa percepción: Por unha banda, na relación co cliente eu considero esencial a transparencia e a información sobre o problema en cuestión e sobre os seus trámites procesuais. É esencial que o cliente poida tomar as súas propias decisións e que coñeza todas as que toma o seu letrado. E, por outra banda, e de cara á cidadanía en xeral, habería que esforzarse en trasladarlle a importancia



Emilia Vázquez, decana da facultade de CC. Económicas da USC

do papel do asesoramento xurídico para o bo funcionamento da sociedade. E, por suposto, habería que ser implacable con aquelas condutas que se se afastaran do código ético que debe rexer na profesión.

Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que?

CHARO BARCA: Por suposto, a función da avogacía é fundamental para a sociedade, como profesión que protexe valores e intereses colectivos, mediante a defensa ou a promoción de intereses e dereitos particulares.

EMILIA VÁZQUEZ: É fundamental, non se pode entender un Estado de dereito sen a labor que exercen decotío os profesionais do ámbito xurídico para garantir os dereitos dos cidadáns, e é imprescindible na resolución de conflitos e discrepancias dun xeito regulamentado dentro da norma democrática. Este é un servizo público fundamental para o desenvolvemento da sociedade.

XOSÉ OTERO POMBO: Por suposto que é moi útil para a sociedade, e máis cando vivimos nunha inseguridade xurídica difícil de comprender pola maioría dos países do contorno, onde é motivo de información nos medios dunha forma periódica, alertando os seus cidadáns que anden “con ollo” nos seus investimentos no noso país, ao considerar que non temos as garantías xurídicas que se deberían de esperar dun Estado democrático.

ANTONIO LÓPEZ: Non só penso que a avogacía é útil para a sociedades, senón que considero que é indispensable para o bo funcionamento dunha sociedade organizada no marco dun Estado de Dereito.

Un dereito esencial como a tutela xudicial efectiva non se vería garantido se os particulares non contaran coa asistencia letrada por parte dos avogados. A xustiza non sería xustiza sen a asistencia letrada.

Pero non debemos pensar só nos asuntos litixiosos que chegan aos tribunais. Eu considero que cada vez resulta máis necesario e útil contar coa opinión de xuristas expertos que nos asesoren nas tomas de decisión, tanto no ámbito da empresa como polos particulares. Un bo asesoramento evitaría moitos conflitos, o que, ademais de redundar en aforro de custos, mellora a tranquilidade e a seguridade xurídica dos cidadáns.

Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

CHARO BARCA: Ás veces os cidadáns, ou as persoas alleas a esa profesión que procuran o servizo de defensa ou asesoramento dun avogado, pérdense en terminoloxías, formas ou procedementos que lles resultan totalmente descoñecidos e lles producen desconcerto ou confusión. Malia iso, os avogados son para os cidadáns profesionais nos que se confía de xeito pleno e dos que se agarda unha entrega incondicional e un asesoramento rigoroso, que defensa de xeito solvente os intereses dos seus representados. En termos xerais si entendo que o seu labor é bastante ben comprendida e recoñecida por unha ampla representación da sociedade.

EMILIA VÁZQUEZ: Penso que en xeral a avogacía é unha profesión recoñecida na nosa sociedade, e a percepción do seu labor é en xeral positiva. Na miña opinión os cidadáns son cada vez máis conscientes do importante labor de asesoramento e defensa dos seus intereses que fan os avogados e avogadas. Penso que somos conscientes de que fan unha tarefa crucial, por exemplo o seu traballo nos casos de atención aos consumidores na pasada folga de controladores aéreos nos que resultaron imprescindibles para reclamar os dereitos dos afectados.



Antonio López, conselleiro do Consello de Contas de Galicia

XOSÉ OTERO POMBO: Creo que si é recoñecida, pero posiblemente non é o suficiente porque se confunden as institucións xudiciais cos profesionais da avogacía. Lamentablemente as institucións xudiciais forman parte das preocupacións dos cidadáns tal vez por falta de medios e especialización das mesma. O cidadán atópase desorientado sen unhas referencias xurídicas claras e seguras. O avogado/a axuda a resolver estas situacións e o seu labor é imprescindible, pero non suficientemente recoñecido.

ANTONIO LÓPEZ: Eu diría que neste eido aínda quedan bastantes cousas por facer. Á sociedade en xeral cústalle entender ás veces que os avogados teñan que defender causas socialmente inadmisibles como poden ser delitos de especial gravidade. Recoñezo que para quen non se move no mundo do Dereito non resulta fácil entendelo, pero entre todos temos que esforzarnos en transmitir a necesidade de que o funcionamento da Xustiza esixe que tamén eses criminais contén co asesoramento profesional dos avogados.

Tampouco é suficientemente comprendida a complexidade dos procesos e a dificultade para que a verdade procesual acabe recollendo a realidade dos feitos. Estas son ao meu modo de ver algunhas cuestións nas que se debería afondar para mellorar a percepción social da tarefa dos letrados.



Xosé Otero Pombo, empresario

Cidade da Cultura

Unha nova atracción para Galicia



Xa inaugurada oficialmente, no segundo semestre o complexo do Gaiás ofrece a súa primeira programación

Despois de dez anos de obras e dificultades, a inauguración da Biblioteca e do Arquivo de Galicia no pasado mes de xaneiro, presidida polos Príncipes de Asturias, marcou de forma oficial a apertura ao público da Cidade da Cultura. Agora, no segundo semestre do ano, o Gaiás ofrecerá unha programación multidisciplinar co obxectivo de que todos os galegos e turistas doutras procedencias poidan coñecer un dos símbolos da comunidade autónoma no século XXI.

A Biblioteca e o Arquivo conteñen recursos dedicados ao patrimonio bibliográfico e documental de Galicia, e polo tanto, ao coñecemento e á memoria colectiva. Tamén acollerán servizos e actividades destinados tanto á preservación do patrimonio e a memoria, coma ao estudo, investigación, experimentación, produción e exhibición nos ámbitos das letras e o pensamento, a música, o teatro e a danza, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación.

O complexo do Gaiás consta no seu proxecto orixinal, do arquitecto Peter Eisenman, con seis edificios, e o próximo en rematarse nuns meses será o Museo de Galicia. Nembargantes, o futuro de dous dos inmobles, o Teatro e o Centro de Arte

Internacional, non está tan claro e dependerá da evolución da crise económica e do posible apoio de capital privado para os traballos.

PROGRAMACIÓN

Hai escasas datas presentouse a programación da Cidade da Cultura para o segundo semestre do ano. Unha programación, según o Goberno galego, “plural e multidisciplinar, atenta ás novas linguaxes e tendencias creativas, pero que asume a función de pór en valor o patrimonio cultural galego”.

“É unha programación que aposta polos creadores, e de xeito moi especial, polos artistas máis novos. Os talentos emerxentes atoparán no Gaiás novas vías para ampliar a súa formación, oportunidades para coñecer as realidades culturais doutros países e espazos para entrar en contacto cos talentos xa consolidados”, sostén a Consellería de Cultura.

O programa deseñado para a Cidade da Cultura presenta propostas expositivas como Typewriter: a historia escrita a máquina. Procedente da Colección Sirvent,

cun fondo de máis de 3.500 máquinas de escribir, o Arquivo de Galicia exhibirá 120, entre elas, a primeira máquina fabricada comercialmente, máquinas decoradas en ouro ou modelos empregados por espías.

Os exteriores do



Interior dun dos edificios da Cidade da Cultura



Exterior do edificio da biblioteca da Cidade da Cultura

Gaiás servirán de escenario para as 24 esculturas de aluminio, de tres metros e medio de altura, de Figuras para a Batalla do escultor Miquel Navarro. Coincidindo coa apertura dos espazos do Museo presentárase Inside, obras de cinco artistas aos que se lles pediu que realicen unha intervención sobre os espazos do Gaiás

No capítulo da música, celebráranse catro concertos no marco do festival Espazos sonoros con artistas da talle de Laura Alonso Parín e Lorenzo Santos, Pamela Kurstin, José Núñez ou a agrupación Nova Lux Ensemble. Os sons contemporáneos virán da man dos Seráns do Taller Atlántico Contemporáneo, unha reinterpretación das festas populares galegas onde a música se sumará ao humor e a nova cociña galega. Con Diálogo sonoros. Retratos musicais do S.XX, renderase homenaxe aos artistas que abriron novos camiños musicais.

No obxectivo de converter o Gaiás nunha referencia para o intercambio de ideas orgánizase o I Foro Internacional de Espazos para a Cultura, que analizará o papel da cultura como factor de desenvolvemento. No ámbito literario, creárase o Laboratorio de pensamento breve para analizar a obra de autores caracterizados por condensar as súas ideas en aforismos, haikus, greguerías ou microensaíos. Un dos eventos centrais será o I Encontro de Artistas Novos, que converterá a Cidade nun espazo de convivencia entre artistas galegos e doutras procedencias.

Do mesmo xeito, o programa presta especial atención aos máis novos, a través das iniciativas As visitas máxicas ao Gaiás ou Peque Classics, para achegarlles a música clásica dun xeito didáctico.

As iniciativas previstas para o segundo semestre do ano na Cidade da Cultura divídense en seis apartados:

- **VISITAR:** a través de novas posibilidades para coñecer a Cidade con experiencias participativas e enriquecedoras.
- **EXPLORAR:** preséntase un amplo mapa de itinerarios para aventurarse polos camiños máis clásicos ou máis contemporáneos dos territorios da música, danza, escultura, literatura, pensamento ou de calquera outra disciplina artística.
- **CREAR:** promovendo proxectos artísticos e todas cantas iniciativas permitan impulsar novos procesos creativos.
- **APRENDER:** con accións formativas dirixidas a potenciar a formación dos novos creadores e xestores culturais.
- **INTERCAMBIAR:** coa creación de espazos para o intercambio de coñecemento e experiencia e a interconexión con outros centros nacionais e internacionais.
- **SUMAR:** complementando, artellando e vertebrando outras iniciativas culturais.



Vista interior da biblioteca do monte Gaiás

Roberto Varela, conselleiro de Cultura

«Na Xunta cremos que este proxecto debe terminarse»

O titular de Cultura considera que é momento de mirar cara adiante, deixando atrás momentos nos que a Cidade da Cultura atravesou dificultades.

Pregunta: Que balance fai dos primeiros meses de apertura da Cidade da Cultura?

Resposta: Dende xaneiro levamos 130.000 visitantes, unha cifra que está moi por riba das expectativas iniciais. As enquisas amosan, ademais, que á meirande parte dos visitantes gústalles o proxecto e manifestan o seu desexo de volver. En canto aos contidos, vimos de presentar o programa cultural do segundo semestre, con exposicións, concertos, espectáculos de artes escénicas, ciclos de teatro infantil, novos tipos de visitas para coñecer a Cidade, encontros de artistas, programas de bolsas, foros de expertos, etcétera. Toda unha oferta que vai encher de vida o complexo. E en canto á parte aínda non rematada, cómpre dicir que as obras avanza a bo ritmo e que o Museo de Galicia e o edificio de Servizos Centrais estarán abertos antes do remate do ano. En definitiva, o balance destes meses anímanos a continuar traballando e dinos que estamos na boa dirección.



Roberto Varela, co arquitecto Peter Eisenman

P.: Mellorarán os accesos ao Gaiás?

R.: A nosa prioridade é lograr o acceso á Cidade da Cultura a través da súa conexión coa AP-9, de grande importancia para Galicia e solicitada pola actual Xunta ao Ministerio de Fomento en diversas ocasións, á marxe dos trámites realizados dentro do procedemento de aprobación do proxecto de construción da ampliación da AP-9. Reclamamos ao Goberno do Estado que non perda a ocasión de dar unha mostra de apoio a este proxecto, non só autorizando a conexión, senón mesmo colaborando na súa execución. En todo caso, se o Goberno non reconsidera esta posibilidade, a intención da Xunta de Galicia é impulsar esta cone-

xión, aínda que teña que ser a Administración autonómica a que execute a totalidade da obra.

P.: E pensando nas persoas?

R.: Traballamos nun Plan de Acceso Peonil: mediante a habilitación de sendas nas ladeiras do monte, mellora de trazados, acabados e sinalizacións das rutas, etcétera. No acceso peonil, trátase de superar un forte desnivel existente entre a plataforma onde se atopan os edificios e as ladeiras do monte Gaiás. Formulamos unha actuación global, que

permita subir ao complexo dende as distintas caras do monte por percorridos interconectados, de xeito que o Parque da Cidade da Cultura poida ser un referente para o lecer na natureza, integrado no sistema de parques da cidade.

Existen tamén accións como o plan para integral o Gaiás no programa municipal "Combici", para aqueles que queiran achegarse en bicicleta, un reforzo das liñas de autobuses urbanos que poden dar servizo á Cidade da Cultura, así como as conexións rexionais e metropolitanas a través da estación de autobuses, e accións complementarias como a mellora de información a usuarios, servizos especiais de transporte, etc.

P.: Considera boa a idea dun teleférico que una o Gaiás co centro da cidade, como defende o Concello de Santiago?

R.: No tocante á proposta da telecabina á Cidade da Cultura, aínda que consideramos que as prioridades agora son outras (especialmente a citada conexión coa AP-9) iniciaremos o procedemento para dispoñer dun Plan de negocio do Telecabina, que evalúe o seu potencial de mobilidade. Será necesario contar cos resultados deste estudo antes de tomar unha decisión.

P.: Recentemente adiantou un plan de usos para o complexo, que estará listo en novembro. Cales serán as prioridades e os obxectivos deste plan?

R.: En novembro, o 11 do 11 do 11, coincidindo coa apertura do Museo de Galicia, presentaremos o Plan Gaiás 2012-2018: un plan de acción de primeiro nivel que pretende colocar a Cidade da Cultura, a medio prazo, ademais de como unha icona arquitectónica, como un dos centros de arte e cultura de referencia no panorama internacional, vinculando a Galicia cunha imaxe de modernidade e innovación, contribuíndo á proxección exterior da nosa cultura e xerando un efecto positivo no que se refire ao crecemento económico do país.

P.: Será posible rematar o conxunto do complexo sen unha axuda económica do Goberno central?

R.: Polo de agora non contamos co seu apoio en ningún aspecto, e iso que o presidente Zapatero o cualificou de proxecto de Estado. De feito, a ministra de Cultura só a visitou unha vez, e veu porque estaba acompañada dos Príncipes de Asturias. A Xunta de Galicia entende este proxecto como un investimento moi positivo para o futuro de Galicia e, sen perder de vista a difícil situación económica na que nos atopamos, cremos que este proxecto debe terminarse. Confiamos en que o Goberno central mude de actitude e axude aos galegos a facelo.

P.: Necesitaba Santiago de Compostela unha obra destas características?

R.: A Cidade da Cultura, que sería unha desmesura para unha única cidade galega, pode ser un investimento acaído se se instala nesa cidade dispersa, de 2.796.089 habitantes, que é Galicia, cunhas comunicacións vertebrais que conflúen a pouco

máis dunha hora do Monte Gaiás. Os galegos, que xa nos movemos con absoluta normalidade para ir mercar ás grandes superficies, para facer reunións de amigos ou para xestionar as nosas empresas, podemos tamén acudir á ópera ou a exposicións de alto nivel, sen necesidade de que se fagan ao pé da nosa casa.

P.: Non paralizou en exceso a construción do complexo a polémica comisión de investigación no Parlamento de Galicia?

R.: Todos coñecemos a historia deste proxecto, con momentos nos que se deixou á súa sorte. Pero agora non toca mirar atrás, o que importa é que se trata dun proxecto de país, asumido polos tres partidos políticos e con moito futuro por diante. A finais deste ano, catro dos seis edificios previstos estarán abertos ao público. Falamos, polo tanto, dunha realidade.

P.: É aconsellable buscar fórmulas público-privadas para a xestión do complexo, mediante patrocinios como fai o Guggenheim ou a través doutros procedementos?

R.: Acabamos de presentar a programación do segundo semestre. Toda unha oferta de actividades que contou co apoio da Fundación Gaiás, no seu padroado intégranse 14 empresas que decidiron apostar decididamente por este proxecto que é a Cidade da Cultura. Éste é un exemplo do modelo de sumar esforzos polo que apostamos dende a Xunta.



O conselleiro, durante un acto na cidade da Cultura

O Colexio nos medios

No primeiro semestre do ano, o Colexio de Avogados de Santiago foi protagonista de máis de cen aparicións en medios de comunicación, tanto galegos como nacionais. Xornais, cadeas de televisión e emisoras de radio recolleron a opinión do Colexio en temas como a lei de axilización procesual, os novos acordos de colaboración con outros organismos ou a sentenza do Supremo que recoñece de forma definitiva que os letrados de Arzúa, Ordes, Negreira e Padrón pertencen ao Colexio de Avogados de Santiago.

A reivindicación pola que leva loitando moito tempo o Colexio, a creación dun novo xulgado contencioso-administrativo en Santiago, foi o tema arredor do que xiraron diferentes novas e entrevistas ao decano, Evaristo Nogueira.



El Colegio de abogados de Santiago exige un nuevo juzgado de lo contencioso para frenar el colapso

La Region

La agilización procesal recorta derechos, afirman los abogados



Los abogados compostelanos alertan del recorte de derechos por la reforma judicial



El Colegio de Abogados de Santiago exige un nuevo juzgado de lo contencioso

La entidad considera "preocupante" la situación que vive el sector judicial en la ciudad por el "colapso" que registra



"No hay más salida que tener ya un nuevo juzgado de lo contencioso"

santiagosiete

"EL NUEVO EDIFICIO DE FONTIÑAS TERMINARÁ CON EL COLAPSO SOLO SI SE CREAN ALLÍ MÁS JUZGADOS"

elEconomista.es

El Colegio de Abogados de Santiago exige un nuevo juzgado de lo contencioso para frenar el "colapso"



El decano de los abogados de Santiago, nombrado adjunto a la presidencia del Consejo General de la Abogacía Española



El Colegio de Abogados de Santiago avisa de que la ley de agilización procesal "recorta los derechos de los ciudadanos"



El Supremo zanja la polémica con los abogados coruñeses

Negreira, Padrón, Arzúa y Ordes son de la demarcación santiaguesa

Fóra da Lei



1- UNHA DE LIBROS:

P- Cal foi o último libro (non xurídico) que liches?

R- *Riña de gatos*, de Eduardo Mendoza.

P- Que libro lle regalarías ao teu mellor amigo?

R- *Los pilares de la tierra*, de Ken Follett.

P- E ao teu peor inimigo?

R- Ningún.

P- Se só puideses salvar un libro da fogueira, cal salvarías?

R- *A Biblia*.

2- E OUTRA DE CINE:

P- En que película non puidiches evitar quedar durmida?

R- En ningunha, procuro escoller películas que sei que me van gustar.

P- Cal é a película que non te cansas de ver?

R- Non me gusta ver moitas veces unha mesma película e resultárame imposible escoller unha soa, hai moitas que me gustan.

3- HISTORIA:

P- Con que personaxe da Historia cejarías?

R- Alexandre Magno.

4- ARTE:

P- Que obra de arte, monumento ou lugar emblemático te deixa coa boca aberta?

R- É difícil escoller un só, pero parécenme impresionantes os templos de Karnak e Luxor da antiga Tebas, hoxe cidade de Luxor, en Exipto.

5- MÚSICA:

P- Cal é a música que consegue amansarte neses "momentos fera?"

R- Bon Jovi e U2, pero é que me encanta case todo tipo de música e sobre todo bailar.

6- POR ÚLTIMO, VIAXES:

P- De que viaxe gardas mellor recordo?

R- Un cruceiro polas illas do mar Exeo.

P- E a que aínda non puidiches facer, pero seguro que non perderás?

R- A India ou Australia.

P- A que lugar non se che ocorrería volver?

R- Volvería a todos porque todos teñen algo que paga a pena.

Marta Sixto - Fiscal



DARDO



PROYECTO



RECICLAJE



PRODUCCIÓN



Si quieres un buen diseño para tu empresa, **DARDO** es una opción interesante. Si quieres que ese diseño sea sostenible, también desde el punto de vista económico, **DARDO** es, seguramente, la mejor opción.

La respuesta a la necesidad de una mayor protección

PLUS SALUD Seguro de Asistencia Sanitaria

Para que tú y los tuyos disfrutéis de una medicina privada con la máxima calidad sanitaria, en la que recibirás un trato personal al mejor precio y con la más amplia cobertura. Elige la opción que más se adapte a tus necesidades:

Premium: incluye las coberturas de Medicina Primaria, Especialidades Médicas y Medicina Preventiva, Medios de Diagnóstico Completos, Tratamientos, Cirugía y Hospitalización.

Premium-Dental: incluye las coberturas de la opción Premium, más la de Servicio Dental.

Premium-Dental-Reembolso: incluye las coberturas de la opción Premium-Dental, más la de Reembolso de gastos, con la que podrás acudir a cualquier médico que desees ajeno a la Red de Asistencia Sanitaria concertada y recuperar hasta el 90% de los gastos abonados.

Además por ser asegurado de Plus Salud, disfrutarás de una serie de Servicios Adicionales en unas condiciones ventajosas.

Comprueba qué poco cuesta tener la salud bien cubierta:

Prima mensual para ambos sexos*

Edad**	Premium	Premium-Dental	Premium-Dental Reembolso
0-19	34,62 €	35,02 €	59,02 €
20-59	39,38 €	40,64 €	64,65 €
60-64	77,49 €	80,02 €	104,03 €

* No incluidos los impuestos de la CLEA que se abonan en el primer recibo de cada aniversario de la póliza (entre 1,09 y 3,28 euros).
Primas vigentes para el año 2011.

** Se considera la más próxima al cumpleaños en el momento de contratar, y cada 1 de enero. La edad máxima de contratación es de 64 años.

Prima especial para nuevos mutualistas para la opción Premium-Dental: 29,95 euros durante los cuatro primeros años, cualquiera que sea la edad.¹

Y si estás asegurado en otra entidad y te quieres cambiar a Plus Salud, se derogan los plazos de carencia.²

Si deseas más información llama al

902 25 50 50

o entra en www.mutualidadabogacia.com

Planes y Seguros de la Mutualidad



PLUS SALUD
SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA

M MUTUALIDAD DE LA
ABOGACIA

1. El alta en el seguro Plus Salud está condicionada a los criterios técnicos de suscripción de la Mutualidad de la Abogacía y sus servicios de selección médica.
2. Siempre que el seguro de origen sea de las mismas características que Plus Salud. No se deroga la carencia de 8 meses por hospitalización. Las preexistencias en el momento de la contratación no estarán cubiertas.